

FESTAS VILALBA



VIFRAUTO IVECO

REVISIÓN MULTIMARCA TACÓGRAFOS

KIENZLE

VEESER - ROOF TACÓGRAFOS




ANALÓGICOS



DIGITALES

SIEMENS VDO



TALLER AUTORIZADO ZF



VEHÍCULO INDUSTRIAL

TISVOL
Remolques y Semirremolques

AHORRA

EN EL CONSUMO DE TU VEHÍCULO

TRANSFORMA TU VEHÍCULO A AUTOGAS GLP CNG GNL

45% 25%
Reducción de consumo
de combustible



Financiamos la instalación, los estudios de consultoría de componentes

Pol. Ind. Sete Pontes P-20 VILALBA - LUGO - Telf: 982 510 960

WWW.TALLERESVIFRAUTO.COM



PROGRAMA

Comenzan dúas semanas de festa en Vilalba

O programa do 2026 combina actividades e música para todas as idades e gustos

Vilalba quenta motores para as festas patronais na honra a San Ramón e Santa María, para a que ten preparada unha ampla programación que se desenvolverá entre o 21 de agosto e o 6 de setembro e que combinará concertos, verbenas, actividades infantís, propostas deportivas, actos relixiosos, encontros tradicionais e diversas citas culturais. A música terá un papel protagonista durante estas semanas, pero o calendario tamén reserva espazo para a cultura e o patrimonio local, coa celebración de novas edicións de actividades xa consolidadas no calendario festivo. As celebracións arrancarán o venres, 21 de agosto, cun dos primeiros grandes atractivos musicais do



programa. Ás 22.00 horas, a praza da Igrexa acollerá o concerto de Dakidarría, organizado polo Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) coa colaboración da Deputación de Lugo. A actuación da banda do Val Miñor abrirá oficialmente a

programación festiva.

A actividade continuará o mércores 26 de agosto coa Xira dos Nossos Maiores. A partir das 12.30 horas, na área recreativa da Madalena, terá lugar unha misa cantada pola Coral Luar e a sesión vermú, seguidos ás 14.30 horas dun xantar popular e dun baile amenizado polo Dúo Venus. Ao día seguinte, o xoves 27, celebrarase a XXXI Festa da Bicicleta, cunha saída prevista para as 19.30 horas desde a praza da Constitución. O percorrido dirixirase pola praza Suso Gayoso cara á rúa da Pravia e continuará ata o Megagadis.

O venres 28 de agosto chegará a Xira Campestre, que se desenvolverá desde as 21.30 horas na explanada da Madalena, con sesión de DJs locais a cargo de David García, Cris Vázquez, Bris Trad,

Decrux e Shera & Sile. A xornada contará tamén cunha proposta cultural do Iescha: na sala do Auditorio Municipal poderá visitarse, desde as 20.00 horas e ata o 20 de outubro, a XIII Exposición *Tal como eramos. Fotos para o recordo*.

O sábado 29 estará marcado pola actividade deportiva e pola música. Ás 12.00 horas, o estadio da Madalena acollerá o Trofeo President Rácing Vilalbés-Bergantiños. Xa pola tarde, ás 13.30 horas, a explanada da Madalena será escenario dunha sesión vermú co Grupo La Bamba e a Orquestra Galaxia. A partir das 22.30 horas, ambos os grupos serán os encargados da verbena.

O domingo 30 de agosto será unha das xornadas centrais das festas. A partir das 13.30 horas, a área recreativa da Madalena acollerá



ebos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOs Obradoiro Doce

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

Da sorte xa nos encargamos nos.

A sorte está en
Loterías Alcázar
Administración de loterías dende 1927

17 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 20 ANOS!
GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018
TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060

**PROGRAMACIÓN
VILALBA 2026
SAN RAMÓN E SANTA MARÍA**

VENRES 21
22:00 h. Praza da Igrexa
CONCERTO DE VERÁN POR DAKIDARRÍA
Organiza: IESCHA
Financia: Deputación de Lugo

MÉRCORES 26
XIRA DOS NÓSOS MAIORES
12:30 h. Área Recreativa da Madalena
MISA CANTADA POLA CORAL LUAR
SESIÓN VERMÚ co DÚO VENUS
14:30 h. XANTAR POPULAR
BAILE amenizado polo DÚO VENUS

XOVES 27
XXXI FESTA DA BICICLETA
Encontro coa bici e os patíns. Farase un percorrido polas rúas de Vilalba.
SAÍDA: 19:30 h. Praza da Constitución
dirección praza Suso Gayoso
continuando por Rúa da Pravia
hacia o Megagadis...

VENRES 28
XIRA CAMPESTRE
21:30 h. Explanada da Madalena
V SESIÓN DE DJS LOCAIS.
DAVID GARCÍA, CRIS VÁZQUEZ,
BRIS TRAD, DECRUX E SHERA & SILE
Sala do Auditorio Municipal de Vilalba
20:00h. ata o 20 de outubro
XIII EXPOSICIÓN 'TAL E COMO ÉRAMOS, FOTOS PARA O RECORDO'
Organiza: IESCHA

SÁBADO 29
XIRA CAMPESTRE
12.00h. Estadio da Madalena
TROFEO PRESIDENT
RÁcing VILALBÉS - BERGANTIÑOS
13.30 h. Explanada da Madalena
SESIÓN VERMÚ con GRUPO LA BAMBA E ORQUESTRA GALAXIA
22.30 h. Explanada da Madalena
VERBENA con GRUPO LA BAMBA E ORQUESTRA GALAXIA

DOMINGO 30
XIRA CAMPESTRE E DÍA DO PREGÓN
13.30 h. Área Recreativa da Madalena
SESIÓN VERMÚ LONGA co GRUPO LA TREMENDA
19.00 h. Auditorio Municipal de Vilalba
PREGÓN E GALA DO 'LII CERTAMEN LITERARIO'
Lectura do pregón por Daniel Veiga Roca,
Director da Banda de Música de Vilalba
22.30 h. Campo da Feira
VERBENA coa ORQUESTRA LOS SATÉLITES E GRUPO ORIGEN

LUNS 31
DÍA DE SAN RAMÓN (ADICADO AO TRAXE GALEGO)
A partir das 11.00 h.
PASARRÚAS de A. C. MATO VIZOSO e ASOCIACIÓN CULTURAL ENTRE LUSCO E FUSCO
12.00 h. Igrexa de Sta. María
MISA SOLEMNE NA HONRADE SAN RAMÓN cantada pola **CORAL LUAR**. Á saída procesión con acompañamento musical.
14.00 h. Praza da Constitución
SESIÓN VERMÚ LONGA coa ORQUESTRA ESCAPARATE
18.00 h. Estadio Roca
TROFEO MEMORIAL JORGE TATO
20.00 h. Praza da Rúa da Pravia
CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA DE VILALBA
22.30 h. Campo da Feira
VERBENA coa ORQUESTRA PANORAMA CITY e ORQUESTRA COSTA DORADA



María Sara Pérez Díaz
Asesor financiero
Agente de seguros exclusivo
Nº Reg. Mediador C046833302628P



- SEGUROS DE AUTOMOVILES, FURGONETAS, ETC. • PRESTAMOS HIPOTECARIOS
- SEGUROS DE VIDA • SEGUROS DE AHORRO • PROTECCIÓN JURÍDICA FAMILIAR Y EMPRESA
- HIPOTECA INVERSA • SEGUROS DE HOGAR Y COMUNIDAD • SEGUROS PARA SU NEGOCIO Y PYME
- SEGUROS DE DECESOS • CUENTAS DE AHORRO • SEGUROS DE MOTOS
- SEGUROS DE CAMIONES • PLANES DE PENSIONES • PLAN DE PREVISIÓN ASEGURADO
- SEGURO DE ACCIDENTES • SEGUROS EXPLOTACIONES AGRÍCOLAS...

PAGA TUS SEGUROS MES A MES SIN RECARGOS CON TU CUENTA ÚNICA REMUNERADA

CONFIANZA, PROFESIONALIDAD Y CERCANÍA NOS AVALAN

Consúltenos sin compromiso
Le asesoramos en:

Rúa da Pravia 50 - Bajo.
27800 - VILALBA (Lugo)
Tfno.: 982 511 957
sperez@occident.com

www.occident.com/agente/saraperez

unha sesión vermú longa co Grupo La Tremenda. Ás 19.00 horas, o Auditorio Municipal será escenario do pregón e da gala do LII Certame Literario de Vilalba, coa lectura do pregón a cargo de Daniel Veiga Roca, director da Banda de Música de Vilalba. Pola noite, desde as 22.30 horas, a verbena no Campo da Feira contará coa Orquestra Los Satélites e o Grupo Origen. O luns 31 de agosto estará dedicado a San Ramón e terá como fío condutor o traxe galego. A partir das 11.00 horas desenvolveranse os pasarrúas da Asociación Cultural Mato Vizoso e da Asociación Cultural Entre Lusco e Fusco. Ás 12.00 horas celebrarase na igrexa de Santa María a misa solemne na honra de San Ramón, cantada pola Coral Luar, seguida da tradicional procesión. Xa pola tarde, ás 14.00 horas, a praza da Constitución acollerá unha sesión vermú longa coa Orquestra Escaparaté. A programación da xornada continuará ás 18.00 horas no estadio Roca, co Trofeo Memorial Jorge Tato, e ás 20.00 horas a praza da Rúa da Pravia acollerá un concerto da Banda de Música de Vilalba. A

partir das 22.30 horas, a praza da Constitución será escenario dunha nova verbena, nesta ocasión coas orquestras Panorama City e Costa Dorada.

SETEMBRO

Co cambio de mes chegará o Día de Santa María, o martes 1 de setembro. A xornada comezará a partir das 11.00 horas cos pasarrúas da Asociación Cultural de Andrade e da Asociación de Fillos e Descendentes da Chaira. Ao mediodía, a igrexa de Santa María acollerá a misa solemne na honra da patroa, cantada pola Coral Polifónica Vilalbesa, e posteriormente terá lugar a procesión. Ás 14.00 horas, a praza da Constitución acollerá unha sesión vermú longa coa Orquestra Fuego. A noite, desde as 22.30 horas, o Campo da Feira será escenario da verbena, con actuacións das orquestras París de Noia e Trébol. O mércores 2 de setembro estará especialmente dedicado á infancia. A praza da Constitución contará con actividades para as nenas e nenos entre as 12.00 e as



14.00 horas e entre as 16.00 e as 20.00 horas. O programa inclúe atraccións inchables, Garfio, Candy, barco pirata, bolas Wipeout, un paintball xigante, Pirata Dragón, Rokamonte, shotter gallery e outras propostas. Tamén haberá actuacións de *O Mago Antón: 50 anos de Maxia (1975-2025)* ás 13.00, 17.00, 18.30 e 20.00 horas. O xoves 3 de setembro continuará a programación infantil, de novo na praza da Constitución e cos

mesmos horarios de mañá e tarde. Nesta ocasión haberá parque de auga para todas as idades e Festa da Escuma, sempre que as condicións meteorolóxicas permitan a súa celebración. Ás 18.00 horas, e se o tempo non o permite no Espazo Xove, celebrarase a XXXII edición das Simultáneas de Xadrez, co mestre Antonio Nieto Velado. A actividade cultural terá tamén protagonismo ese día. Ás 20.00 horas, no Auditorio Municipal, o ciclo Premios Mestre Mateo incluírá a proxección da película *Antes de nós*, nunha nova actividade organizada polo Iescha. O venres 4 de setembro, a partir das 22.30 horas, o Campo da Feira acollerá unha nova verbena coa Orquestra Marbella e Cosme DJ. O sábado 5 chegará outra xornada cargada de actividades. Desde as 11.00 horas haberá pasarrúas da Asociación Cultural Ardelle o Eixo. Ás 14.00 horas, a praza da Constitución acollerá unha sesión vermú longa co Dúo Estrella. Pola tarde, ás 20.00 horas, o Auditorio Municipal será escenario do XX Festival de Bandas Pepe Guntín, cun pasarrúas previo desde a praza da Constitución no que participarán

a Banda de Música da Comarca de Sarria, a Banda de Música de Siero e a Banda de Música de Vilalba. Xa ás 22.30 horas, a praza da Constitución acollerá o concerto de Marcos Peón e DJ Frisco, baixo o título *Tributo a Estopa: A toda pastilla e Yo lataba en EGB*. O domingo 6 de setembro pechará a programación festiva cunha xornada centrada na feira e na homenaxe á parroquia de Santa Eulalia de Román. Ás 11.45 horas está prevista a recepción aos veciños por parte das autoridades e o acompañamento ata a igrexa de Santa María, xunto co grupo tradicional Cerna de Árbol. Ás 12.00 horas celebrarase a misa solemne na igrexa de Santa María, cantada pola Coral Polifónica Vilalbesa. A continuación, ás 12.30 horas, o Espazo Manuel María acollerá a homenaxe e ofrenda polo XXII cabodano de Manuel María, organizada polo Iescha. A xornada festiva rematará pola tarde, ás 14.00 horas, cunha sesión vermú longa na praza da Constitución amenizada pola Orquestra Acordes, poñendo punto e final ás celebracións de 2026



ZAFIRO
TOURS VILALBA

VIAJAR
ES AÑADIR
vida
A LA VIDA

Rúa Campo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

Neumáticos VILLALBA

VENTA Y REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS
ALINEADOS DE DIRECCIÓN
VENTA Y PROGRAMACIÓN DE VÁLVULAS TPMS
CAMBIOS DE ACEITE Y FILTROS
DISCOS Y PASTILLAS DE FRENO
AMORTIGUADORES
RÓTULAS DE DIRECCIÓN
LLANTAS
BATERÍAS
ACCESORIOS

Pide presupuesto sin compromiso

Teléfono: 982 511 128
Whatsapp: 698 189 796

DAMOS SERVICIO A LAS MEJORES COMPAÑÍAS DE RENTING

LUNES A VIERNES DE 9:00 A 17:00
Teléfono - 982 51 11 28
Av. Galicia, 83 bajo - 27800 VILLALBA (Lugo)

MARTES DÍA DE SANTA MARÍA

A partir das 11.00 h.
PASARRÚAS de A. C. DE ANDRADE
E A. C. BUXOS VERDES DA CHAIRA

12.00 h. Igrexa de Sta. María
MISA SOLEMNE NA HONRA DA PATROA cantada
pola CORAL POLIFÓNICA VILALBESA
Á saída procesión con acompañamento musical

14.00 h. Praza da Constitución
SESIÓN VERMÚ LONGA coa
ORQUESTRA FUEGO

22.30 h. Campo da Feira
VERBENA coas orquestras
PARÍS DE NOIA e TRÉBOL

MÉRCORES 1º DÍA INFANTIL

De 12:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 20:00 h.
Praza da Constitución

Para todas as idades inchables: Garfio, Candy,
Barco pirata, Bolas Wipeout, Paintball (gigante) e
Pirata tragón. Rokomonte. Shotter gallery.
Atracción de toro mecánico/ simulador de surf

13.00 h. - 17.00 h. - 18.30 h. e ás 20.00 h.
Praza da Constitución

O MAGO ANTÓN: 50 ANOS DE MAXIA
(1975 - 2025) Magomóbil

XOVES 2º DÍA INFANTIL

De 12:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 20:00 h.
Praza da Constitución

PARQUE AUGA para todas as idades e FESTA DA ESCUMA

18.00 h. Praza da Constitución (se o tempo non o permitise
no Espazo Xove)

XXXII SIMULTÁNEAS DE XADREZ

Mestre Xadrez: Antonio Nieto Velado

20.00 h. Auditorio Municipal

CICLO PREMIOS MESTRE MATEO, proxección de
'ANTES DE NÓS'. Organiza: IESCHA

PROGRAMACIÓN VILALBA 2026 SAN RAMÓN E SANTA MARÍA

4

VENRES

22.30 h. Campo da Feira
VERBENA coa ORQUESTRA
MARBELLA e COSME DEEJAY



SÁBADO

A partir das 11.00 h.
PASARRÚAS de A. C. ARDELLE O EIXO

14.00 h. Praza da Constitución
SESIÓN VERMÚ LONGA co DÚO ESTRELLA

20.00 h. Auditorio Municipal de Vilalba
XX FESTIVAL DE BANDAS PEPE GUNTÍN
PASARRÚAS previo dende a Praza da Constitución
BANDA DE MÚSICA DA COMARCA DE SARRIA,
BANDA DE MÚSICA DE SIERO E BANDA DE
MÚSICA DE VILALBA

22.30 h. Praza da Constitución
CONCERTO con MARCOS PEÓN e DJ FRISCO
"TRIBUTO A ESTOPA: A TODA PASTILLA"
E "YO LATABA EN EGB"



DOMINGO

DÍA DA FEIRA - HOMENAXE Á PARROQUIA DE
ROMÁN (SANTA EULALIA)

11:45 h. Casa do Concello
RECEPCIÓN á parroquia de Román a cargo das
autoridades e acompañamento ata a Igrexa de Santa
María xunto co grupo tradicional CERNA DE ÁRBOL

12.00 h. Igrexa de Santa María
MISA SOLEMNE cantada pola
CORAL POLIFÓNICA VILALBESA

12.30 h. Espazo Manuel María
HOMENAXE E OFRENDA NO
XXII CABODANO DE MANUEL MARÍA

Organiza: IESCHA

14.00 h. Praza da Constitución
SESIÓN VERMÚ LONGA coa
ORQUESTRA ACORDES

* Hostelería
* Colegios
* Colectividades
* Panaderías
* Tienda Tradicional

**TODO EN
ALIMENTACIÓN**

Refrigerados
y Congelados

REPRESENTACIONES
CABARCOS

A ORGANIZACIÓN

Marta Rouco, alcaldesa de Vilalba

“San Ramón e Santa María son desas datas que ningún vilalbés ou vilalbesa necesita apuntar na axenda”



As festas de 2026 cambian de formato este ano. Explíquenos ese cambio.

Si, este ano introducimos un pequeno cambio no formato das festas, e quero comezar por aclarar algo que me parece importante: entendo perfectamente a quen lle poida custar encaixar este cambio. A Praza da Constitución é o lugar no que tradicionalmente se celebraron as verbenas de Vilalba e ten un valor emocional evidente. De feito, se non existisen as circunstancias que nos levan a tomar esta decisión, eu tamén preferiría mantelas na praza. Pero non cambiamos de sitio as verbenas porque nos guste máis o Campo da Feira nin porque queiramos cambiar unha tradición porque si. Non é un capricho. As orquestras de hoxe teñen montaxes cada vez maiores e máis complexas e xa non resulta posible encaixar dúas formacións de primeiro nivel na Praza da Constitución con todas as garantías de seguridade. Ademais, nos últimos anos estabamos vivindo unha situación pouco adecuada: mentres a xente aínda disfrutaba do vermú, comezaban na praza as montaxes dos escenarios para a verbenas. Iso supón riscos tanto para os traballadores como para as persoas que están disfrutando das festas. Por iso buscamos unha fórmula que nos permita manter o que queremos conservar e cambiar só o que necesitamos cambiar: as vermú e o tardeo continúan na Praza da Constitución, e as verbenas pasan ao Campo da Feira, onde temos

máis espazo e máis seguridade. E hai outra razón importante: o tempo. Se chove, no Campo da Feira podemos instalar unha carpa e garantir a verbenas; na praza non temos esa posibilidade. Creo que debemos darnos a oportunidade de probalo. Non estamos cambiando unha tradición porque si; estamos intentando que a tradición poida seguir disfrutándose con seguridade, con boas orquestras e pase o que pase co tempo.

Entendo que se presenta un programa unificado con propostas dos dous grupos de goberno.

Si, un Goberno unido, traballando xuntos por algo que tamén é de todos e todas, que son as festas de Vilalba. No acordo de Goberno, a área de Cultura ten atribuída a organización das festas, pero a realidade é que organizar unhas festas destas dimensións implica a moitísima xente, moitas áreas e moitos meses de traballo: contratacións, seguridade, loxística, montaxes,... É un traballo de tal dimensión que precisa da implicación de todo o Goberno. De detrás de cada acto, de cada festa e de

cada decisión hai moitas máis horas de traballo das que se ven. E creo que iso tamén é importante que a xente o saiba: as festas que se disfrutan durante uns días levan detrás moitos meses de traballo de moitas persoas. E este ano quixemos facelo así: todos implicados e todos empurrando na mesma dirección.

Mantéñense os clásicos? Día da bici, xiras, concertos....

Por suposto, as nosas patronais perderían a súa esencia se faltan os clásicos. Mantemos a xira dos maiores, a xira campestre, os días infantís, a festa da bicicleta, algún concerto que se intercala coas actuacións das orquestras; o de sempre nunca pode faltar.

Canto tempo se leva traballando no programa?

Practicamente dende que remataron as festas do ano pasado. En setembro xa empezamos a pensar nas seguintes. Ás veces vemos o programa das festas e parece que simplemente hai unha lista de actividades, pero detrás hai moitos meses de traballo. Hai

que buscar propostas, falar con artistas e empresas, cadrar datas, orzamentos, espazos, permisos, seguridade...e, sobre todo, intentar que o resultado final teña sentido como conxunto. Porque as festas de Vilalba son moitos días e moitas actividades diferentes, e queremos que haxa propostas para públicos distintos, pero tamén que teñan unha identidade propia. Así que si, as festas comezan moito antes de agosto. E probablemente esa sexa unha das partes menos visibles do traballo municipal: cando a xente aínda está disfrutando das festas, nós xa estamos empezando a pensar nas seguintes.

Como se escolleu ao autor do cartel?

Buscamos manter unha aposta que para nós é importante: dar espazo ao talento local. Neste caso, a concelleira de Cultura propuxo a Antón Luís Guntín, un artista vilalbés que coñece moi ben as nosas festas porque tamén as viviu e as sente como parte da súa propia historia. E creo que iso se nota no resultado. O cartel consegue transmitir



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
Rúa da Pravia, 25-27 / Tfno.: 982 510 055
Fax: 982 511 503
VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com



Integrada en:



Grupo Alcongal



moi ben esa mestura de tradición, alegría e identidade que teñen os San Ramón e Santa María.

Dase relevancia aos artistas locais para as festas?

Por suposto. Para nós os artistas locais non son un complemento das festas, forman parte delas. Xa o comentabamos co cartel, pero este ano esa aposta está presente en moitos momentos do programa: temos a Dani Veiga como pregoeiro, que ademais é director da Banda de Música de Vilalba; os grupos de música tradicional nos pasarrúas; artistas locais nas sesións dos venres da Xira, como vimos facendo nos últimos anos; e tamén formacións musicais vilalbesas que estarán presentes nas sesións vermú e nas verbenas, como Dúo Estrellas ou Marcos Peón. E creo que é importante porque non hai mellor maneira de celebrar Vilalba que contando coa xente que fai cultura e música aquí durante todo o ano. Temos moito talento na vila e queremos que tamén teña o seu espazo durante as festas.

Que se viu en Daniel Veiga para escollelo como pregoeiro?

Pois precisamente iso: un vilalbés do que podemos sentirnos orgullosos. Como o ano pasado, pensamos en persoas cunha traxectoria da que falar e que, ademais, sigan vinculadas



á súa vila. Porque ás veces parece que para recoñecer o talento temos que ir lonxe, e eu creo que non hai que ir lonxe para ser profeta na nosa terra. Dani representa moi ben esa idea. Ten unha carreira profesional moi interesante, pero nunca deixou de estar ligado a Vilalba e, especialmente, á nosa Banda de Música. E creo que este ano ten ademais un significado especial: Dani representa tamén a todas as persoas que ao longo dos anos estiveron e están na nosa Banda, que é unha parte fundamental da nosa historia musical. Ademais, hai unha coincidencia moi bonita: o autor do cartel, Antón Luis Guntín, e o pregoeiro están unidos por unha relación familiar. Dúas persoas da mesma vila, con talento,

creando xuntos dalgún xeito a imaxe e a voz das nosas festas. Creo que iso di moito da riqueza humana e do talento que temos en Vilalba.

Que significado teñen as festas para Vilalba?

Teñen unha importancia enorme, e non só porque sexan días de festa. San Ramón e Santa María son desas datas que ningún vilalbés ou vilalbesa necesita apuntar na axenda: volve xente que vive fóra, hai reencontros, familias que se xuntan e moita actividade na vila. E hai tamén unha parte moi importante: as festas xeran economía. Hai máis xente nas rúas, máis consumo na hostalaría e máis actividade no comercio, non só durante os días

grandes, senón tamén nas semanas anteriores. Para os nosos negocios son unhas datas importantes. Así que as festas teñen esa dobre dimensión, non só enchen as rúas senón que tamén enchen de actividade os nosos negocios.

Que expectativas hai de visitantes e participantes?

As expectativas son boas. Esperamos que moita xente se anime a achegarse a Vilalba e disfrutar das festas con nós. Agora só lle pedimos unha cousa ao ceo: que nos respecte o tempo. Porque se temos boa meteoroloxía, estou segura de que imos ter a nosa vila con moita actividade e ategada de xente disfrutando das nosas festas.

“As nosas patronais perderían a súa esencia se faltan os clásicos. Mantemos a xira dos maiores, a xira campestre, os días infantís, a festa da bicicleta e algún concerto”

ESPECIALISTA EN INSTALACIÓN DE LINEAS DE VIDA Y PROTECCIÓN COLECTIVA

ProlaVi

LINEAS DE VIDA
ESCALERAS DE ACCESO
MALLAS PARA TRASLUCIDOS
BARANDILLAS
REDES DE SEGURIDAD

DISTRIBUIDORES AUTORIZADOS

P.I. SETE PONTES - RÚA CERDEIRA, P-31
27800 VILLALBA 982 512 184

ProlaVi.es

AV. CIUDAD DE LUGO 16 - BAIXO A
27800 VILLALBA 982 512 184

“A miña intención é ser candidata, creo no traballo que estamos facendo e temos aínda moito que aportar”

Achegámonos ao final da lexislatura. Fáganos un resumo do feito ata hoxe?

É difícil resumir tres anos de traballo en poucas palabras, pero creo que hai unha idea que define ben o que fixemos: tentamos poñer o Concello ao servizo dos problemas reais da xente e do día a día de Vilalba. Iso tradúcese en cuestións moi concretas. Avanzamos nun problema histórico como o ciclo da auga, con actuacións como o tanque de tormentas e as obras de saneamento de Plácido Peña, que comezarán despois das festas cun investimento dun millón de euros. Melloramos tamén a limpeza e a recollida de residuos co novo contrato do lixo e reforzamos as políticas de conciliación coa apertura do Punto de Atención á Infancia, a ampliación dos madrugadores e a posta en marcha do Concilia na Tarde. Traballamos tamén para mellorar a Vilalba na que vivimos, actuando en moitas das vías, nas parroquias, nas rúas e nos espazos públicos, con fondos propios e en colaboración con outras administracións. E hai unha terceira parte que para min é fundamental: queremos unha Vilalba con actividade e oportunidades. Por iso apostamos por traer eventos, manter unha programación durante todo o ano e colaborar en proxectos que poden xerar emprego e novos servizos, como a futura residencia de maiores e centro de día no antigo Hotel Villamartín. Pero, máis alá das obras e dos proxectos concretos, creo que estes tres anos están definidos por unha maneira de gobernar: estar, escoitar e intentar dar respostas. Porque unha lexislatura non se mide só polas obras que inauguras, senón tamén por se unha familia ten máis facilidades para conciliar, se unha parroquia ten mellores accesos, se mellora un servizo ou se unha persoa nova ve máis posibili-

des de construír aquí o seu futuro. E ese é o balance que me gustaría que fixesen os veciños: se Vilalba está hoxe un pouco mellor que hai tres anos.

Que quedaría pendente por facer este ano?

Sempre quedan cousas por facer. E creo que tamén é unha boa nova: significa que temos proxectos, prioridades e ganas de seguir avanzando. Se tivese que destacar unha especialmente importante, sería avanzar no ciclo da auga, porque falamos dun problema histórico de Vilalba e dunha demanda que os veciños e veciñas nos trasladan continuamente. Estamos dando pasos importantes e queremos que esas melloras sexan unha realidade canto antes. E, a partir de aí, seguir traballando no día a día, que é onde realmente se mide a xestión municipal: hai proxectos grandes que se inauguran e saen na foto, pero tamén hai moitas pequenas cousas que, cando se resolven, fan máis doada a vida da xente.

Confirmanos que seguirá á fronte do PSOE para os próximos comicios?

Sí, a miña intención é seguir. Creo no traballo que estamos facendo e creo tamén que aínda temos moito que aportar a Vilalba. Levamos tres anos moi intensos, coñecendo de primeira man as necesidades da vila, e teño ganas de seguir traballando para darlles resposta. Se os veciños e veciñas nos dan a súa confianza, aí estaremos.

Que proxectos hai pensados para os próximos catro anos?

Temos varios proxectos importantes en marcha e outros nos que estamos traballando. Un dos grandes retos é, sen dúbida, o ciclo da auga, porque aquí temos que pensar non só no presente, senón tamén no Vilalba



dos próximos anos. Agora mesmo imos acometer a renovación do saneamento da rúa Plácido Peña, coa colaboración da Confederación Hidrográfica, cun investimento de preto dun millón de euros, e estamos traballando tamén nun proxecto para instalar uns novos decantadores que nos permitan solucionar o problema da turbidez. Pero temos claro que necesitamos ir máis alá: Vilalba necesita unha nova captación de auga. A auga é cada vez máis escasa e esa nova captación é fundamental para garantir o abastecemento no futuro e tamén para poder mellorar o servizo na zona rural. É unha infraestrutura cun custo importante que o Concello non pode asumir en solitario, e por iso necesitamos da colaboración doutras administracións, especialmente de Augas de Galicia. E aquí hai unha cuestión que creo que é de xustiza: dende 2012 os vilalbeses levan achegado máis de 1,5 millóns de euros a través do canon da auga e non retornou nin un só euro a Vilalba en forma de investimento. Non pedimos un trato de favor; pedimos que o criterio sexa a necesidade e non a cor política. Ademais, o ano que vén temos que renovar a actual concesión do servizo da auga, e queremos aproveitar esa oportunidade para pensar ben que modelo necesita-

mos para os próximos anos. E hai actuacións máis concretas, pero moi importantes para os veciños, como a renovación da traída da rúa Cidade de Viveiro, onde se producían avarías continuamente e que imos substituír proximamente. Temos que resolver os problemas que temos hoxe, pero tamén tomar decisións pensando na Vilalba que queremos dentro de dez ou vinte anos.

Fíxose neste tempo un traballo intenso na humanización das distintas zonas. Por onde vai seguir?

Pouco a pouco imos conseguindo un modelo de casco urbano máis humanizado, máis adaptado á realidade actual e máis amable. Fíxémolo xa nalgúns rúas do casco urbano como a travesía dos Castros, a rúa do Rego, a rúa da Pravia ou a rúa Benxamín Paz, que foi obxecto dunha recente renovación integral que queremos seguir ampliando na contorna do centro de saúde. A idea é ir estendendo ese modelo a todo o casco urbano, priorizando aquelas rúas que precisan unha maior urxencia de intervención.

Houbo desencontros este ano coa Xunta. A estación segue a ser unha demanda continua...

E non vai deixar de selo ata que Vilalba teña unha solución. Levo dende que cheguei á Alcaldía reclamando unhas condicións dignas para a nosa estación de autobuses, cando menos uns servizos mínimos. Hai un ano a Xunta comprometeuse a presentar un proxecto e seguimos agardando.

E agora vemos que anuncia un investimento de preto de oito millóns de euros nas estacións de autobuses galegas e Vilalba volve quedar fóra. Eu vou seguir reclamándoo porque non estamos pedindo un privilexio para Vilalba, estamos pedindo que Vilalba reciba o mesmo trato que outras vilas de Galicia.

Que outras necesidades demanda para Vilalba?

Hai varias cuestións nas que necesitamos que as demais administracións dean tamén un paso adiante. A primeira é a rúa Cidade de Lugo. É unha das principais vías de entrada á vila e hai máis de vinte anos que foi obxecto dun convenio coa Xunta para acometer o seu arranxo que nunca chegou a executarse. Creo que xa é hora de que esa actuación se faga realidade. Outra cuestión moi importante é o prezo hora do SAF. É un servizo fundamental para os concellos e para as familias, pero o custo que asumimos está lastrando os orzamentos municipais. No caso de Vilalba, ademais, estamos falando dun dos servizos con máis horas de Galicia. Necesitamos que a Xunta e o Estado, dunha vez por todas, asuman o financiamento total do servizo porque os concellos non podemos seguir pagando unha parte importante do custo dun servizo que é esencial para garantir os coidados. Tamén seguimos reclamando un centro de día e unha residencia públicos. Sabemos que se vai abrir unha iniciativa privada, que valoramos moi positivamente, pero non substitúe a necesidade dun recurso público. Levamos tempo solicitando reunións coa Xunta para abordar esta cuestión e non nos reciben. Como capital da Terra Chá, creo que Vilalba merece cando menos ser escoitada. E, por último, a vivenda pública. Temos xente nova que quere quedar, familias que queren vir vivir aquí e empresas que necesitan atraer traballadores. Se queremos fixar poboación, necesitamos tamén unha oferta de vivenda accesible, e nese ámbito a Xunta ten moito que dicir como administración competente. En definitiva, non estamos pedindo un trato de favor para Vilalba. Estamos pedindo que se atendan necesidades que levan anos enriba da mesa e que as distintas administracións asumamos cada unha a nosa responsabilidade. Desde o Concello estamos facendo a nosa parte e seguiremos facéndoa, pero hai cuestións nas que necesitamos que outros tamén dean o paso.

La Casilla, 12 Goiriz
27840 Vilalba (Lugo)
Tel. 982 511 252
www.restaurantemontero.com

RESTAURANTE
BANQUETES
BOFAS
REUNIONES DE EMPRESA

CARRA
BARBERÍA

PIDE A TUA CITA EN:
carrabarberia.com

Rúa Campo de Puenta, 14 611 968 598
27800 VILALBA, LUGO

COLABORACIÓN

O San Ramón de 1926 na Habana

DENDE O MEU OUTEIRO



Moncho Paz

O San Ramón de 1926 sorprendeu á Habana nun deses días nos que a cidade semella avanzar a dous tempos: o da modernización acelerada e o da tensión política que se respiraba en cantinas e cafés, reflectida nas novas da prensa e tamén nas viñetas satíricas. Contaba o Chavito que aquel 31 de agosto, o meu avó Mario Xosé preparábase para unha xornada pouco común, pois debía asumir a responsabilidade de coordinar o menú da recepción oficial ofrecida ao diplomático español Francisco Gutiérrez de Agüera, quen presentaba as súas cartas credenciais ante Gerardo Machado, converténdose no primeiro embaixador extraordinario e plenipotenciario de España en Cuba. O xantar, elaborado segundo o protocolo francés e enriquecido con produtos crioulos, incluía caldo real de ave, peixe branco con manteiga e alcapparas, solombo de res en redución de viño tinto, ensalada de estación e unha sobremesa de crema de chocolate con ananás fresco. O brindé final entre Machado e Gutiérrez de Agüera selou unha nova etapa nas relacións bilaterais. A celebración familiar do San Ramón quedaba adiada para o día seguinte, xunto á irmá do meu avó, María Xosefa, e ao seu home, Generoso Yáñez Balsa, figura destacada das sociedades de instrución e recreo da diáspora chairega. Membro da xunta directiva da Liga Santaballea da Habana, Yáñez Balsa participaba activamente nas iniciativas destinadas a combater o analfabe-

tismo e a impulsar, dende Cuba, a creación dunha escola na súa parroquia natal, Santaballa, que fora inaugurada en 1916. Na illa caribeña, as romarías tiñan lugar en espazos abertos que recreaban o ambiente das festas tradicionais. Os xardíns das cervexerías La Tropical e La Polar, xunto ao río Almendares, convertíanse cada ano nos escenarios principais. A música corría a cargo de gaiteiros, orfeóns e masas corais formadas por emigrantes galegos, como a Sociedade Coral Ecos de Galicia, a Banda de Gaitas do Centro Galego ou o grupo Airiños d'a Miña Terra. Para a sesión do serán contratábanse as orquestras máis populares da capital, que mesturaban danzóns, sons, boleros, pasodobres e rumbas, convertendo aquelas romarías en auténticos encontros sociais onde a mocidade habaneira e galega compartía música, baile e identidade.

A Habana de 1926 era unha cidade en transformación. Machado impulsaba obras singulares como a Estrada Central e a ampliación dos tranvías, mentres a crítica social atopaba acubillo na banda deseñada. A revista La Semana, que o meu avó recibía puntualmente, estreaba ese ano o personaxe satírico El Bobo, creado polo recoñecido ilustrador Eduardo Abela: un debuxo de humor picaresco, trazo realista e falsa inocencia, concibido para esquivar a censura e representar a voz popular fronte ao réxime autoritario. A súa aparición coincidiu cun momento de fonda efervescencia editorial, no que xornais e revistas buscaban novas formas de contar o que acontecía nunha urbe en constante movemento. Por esas mesmas datas, na localidade de Birán, pertencente á antiga provincia de Oriente, nacía



Fidel Castro Ruz, no seo dunha familia adinerada que se dedicaba á actividade agrícola. Era o segundo fillo do inmigrante galego Ángel Castro Argiz, natural de Láncares (Lugo), e da cubana de orixe canaria Lina Ruz González. Aquel neno, que chegaba ao mundo no mesmo mes en que o meu avó servía un xantar diplomático no pazo presidencial, acabaría rexendo o destino de Cuba durante décadas. Mario Xosé levaba na Habana dende 1922, coincidindo cun momento de forte expansión

económica e intensa actividade migratoria galega. Fixou a súa residencia cos parentes de Vilalba, residentes no distrito de Centro Habana, e integrouse axiña na comunidade de paisanos que frecuentaban o Centro Galego e outras sociedades recreativas. Traballou como estibador no porto, despois na tinturaría familiar e finalmente no eido da restauración, controlado por emigrantes peninsulares de distinta procedencia. A súa habilidade organizativa en banquetes e eventos de todo tipo levouno ata os fogóns

do pazo presidencial, onde co tempo ascendería a xefe de co-ciña.

Mentres a cidade se modernizaba acotío, Mario Xosé seguía con curiosidade a actualidade do momento a través dos xornais e outras publicacións. Participaba en romarías, actos culturais e iniciativas benéficas da comunidade galega, mantendo sempre un estreito vencello coa súa terra natal. O seu círculo habitual mesturaba galegos, crioulos e europeos nun ambiente cosmopolita típico da Habana dos anos vinte. A disciplina no traballo e a súa capacidade para adaptarse ao ritmo urbano convertérono nunha persoa ben considerada entre colegas e clientes. A vida cultural —teatros, música e actividade política— completaba o seu tempo de lecer nunha Habana vibrante que o acolleu ata o seu regreso definitivo a Vilalba en 1933, cando se reencontrou cunha Terra Chá que mantiña viva a tradición rural agrícola e gandeira, mentres recibía os primeiros sinais de modernidade. Ao pouco de casar con María Guntín, a parella tivo a oportunidade de voltar a Cuba, mais decidiron ficar na vila tras o nacemento do fillo primoxénito en 1935, ao que tamén chamaron Mario. Despois viñeron Cándido (1937) e Ramón (1938), o meu pai, coñecido por todos como Chavito. O que sucedeu nos anos seguintes é outra historia, que aparece recollida nas crónicas da Casa dos Marios, publicadas no seu día no TerraChaxa e ampliadas posteriormente como parte do proxecto "O Mundo do Chavito", impulsado dende a Asociación Cultural Amigos de Prisciliano.

Pé de foto.- El Bobo, personaxe satírico cubano creado en 1926



INFANTIL

Entrepinares patrocina dous días para a rapazada

Inchables, parque acuático, festa da escuma e catro funcións do Mago Antón centran as previsións

As familias de Vilalba terán este ano dúas xornadas especialmente pensadas para os máis pequenos durante as festas de San Ramón e Santa María. Os días 2 e 3 de setembro, a praza da Constitución acollerá unha ampla programación infantil con todas as actividades de entrada gratuíta.

A proposta foi presentada pola alcaldesa, Marta Rouco, e a concelleira de Infancia e Xuventude, Paula Vigo, xunto a representantes do Grupo Entrepinares, empresa con presenza industrial en Vilalba que renovou por terceiro ano consecutivo o seu acordo de colaboración co Concello vilalbés.



A compañía volverá financiar a programación infantil das festas e manterá tamén a súa colaboración con actividades do Samaín e con diferentes propostas do programa municipal de Nadal.

O MAGO ANTÓN

A primeira xornada será o mércores 2 de setembro, con actividades de 12.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas. Durante o día haberá inchables para diferentes idades, Rokomonte, Shotter Gallery, un touro mecánico e un simulador de surf. Un dos principais reclamos será o espectáculo *O Mago Antón 50 anos de maxia*, que ofrecerá catro funcións ao longo da xornada, ás 13.00, 17.00, 18.30 e 20.00 horas. A programación busca así combinar actividades de aventura e diversión con un espectáculo

de maxia pensado para gozar en familia.

PARQUE ACUÁTICO

O xoves 3 de setembro a diversión trasladarase ao mundo da auga. A praza da Constitución contará cun Parque Acuático Tropical e diferentes propostas de inchables acuático-terrestres, entre elas Tripletobogán, Rampa Aqua Red Wave e Mundo Marino. A xornada rematará coa tradicional Festa da Escuma, sempre condicionada ás condicións meteorolóxicas. O horario será o mesmo que na primeira xornada, de 12.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas. Ademais, os nenos e nenas que participen nas actividades recibirán durante ambas xornadas unha merenda gratuíta ofrecida polo Grupo Entrepinares, com-

posta por *snacks* de queixo.

TRES ANOS CONSECUTIVOS

A renovación do acordo entre o Concello e Entrepinares permitirá manter unha programación infantil sen custo para as familias durante as patronais. Desde o Goberno local destacan que esta colaboración forma parte dunha aposta por reforzar as actividades destinadas á infancia e crear propostas de lecer accesibles para as familias. A empresa, pola súa banda, sinala o seu compromiso coa localidade na que desenvolve a súa actividade industrial e na que traballan máis de 500 persoas. As dúas xornadas converterán así a praza da Constitución nun dos principais puntos de encontro das festas de San Ramón e Santa María, con actividades continuadas e propostas para diferentes idades.



Q. Ctra. San Juan de Alba, 32 - 27813 - Vilalba (Lugo) | 982 512 172 | ocascudo93@gmail.com

CARTEL

Antón Luis Guntín, autor da imaxe desta celebración

“Penso que o máis representativo destas festas en particular é a música e así quixen reflectilo”

O cartel oficial das festas leva a sinatura de Antón Luis Guntín Vázquez, artista vilalbés que desenvolveu a súa formación en Artes Plásticas e que desde moi novo destacou pola súa capacidade creativa, acadando diversos recoñecementos. Na actualidade compaxina a súa actividade profesional na área da saúde mental coa creación artística, ámbito no que continúa desenvolvendo unha traxectoria persoal consolidada.

Explíquenos como foi que acabou deseñando o cartel?

O pasado ano xa mo pediron, pero por mor de compromisos profesionais e persoais non puiden facelo, comprometéndome a facelo este ano.

Que é o que intenta representar nel?

Penso que o máis representativo de calquera festa en xeral, pero nestas en particular, é a presenza da música e así quixen reflectilo. Tamén unha referencia á gastronomía vilalbés e ao amencer da Chaira que dá nome á vila como símbolo de comezo, non só dun novo día, senón de todo o que acontece nel. Como elemento máis de actualidade, quixen poñer en valor o traballo, xeralmente das mulleres, coas figuras tecidas que adornan as rúas durante estes días. Un traballo que pon de manifesto a colaboración veciñal, achegando cor, unión e diversidade... Que, en definitiva, é o

espírito destas festas.

Como foi a súa elaboración? Canto tempo lle levou preparalo?

Foi doada porque desfrutei moito facéndoo. Ao final, é trasladar unhas imaxes e unha ilusión ao papel, iso si, non exentas de responsabilidade no que atinxe a agradar o máximo posible aos e ás veciñas para que se sintan representados e representadas. Con respecto ao tempo, non sabería precisar. Dediculle tanta dispoñibilidade como o devir diario me permitiu, mais hei dicir que non moito. O que tiven claro foi basearme na miña infancia, lembrando aquela ilusión que xurdía cando cuns rotuladores de cores infinitas me motivaba para crear unha chea de debuxos con trazos marcados e visibles, sen intelixencias artificiais ou técnicas dixitais, creando así algo cun certo estilo naïf, sinxelo, persoal e cunha mensaxe clara.

É o primeiro cartel que fai para as festas de Vilalba? Pero non o primeiro que diseña, non?

Si, efectivamente para as festas de Vilalba é o primeiro. Se ben xa fixen algún con outra finalidade como congresos, etc.

Fálenos un pouco do seu traballo artístico, cando comezou e canto tempo leva nisto?

Non sabería concretar. Pero podo dicir que dende que teño uso de razón estiven vencellado ao debuxo e á pintura, supoño que pola contorna familiar que tivo moito

que ver, dado que as disciplinas artísticas sempre se potenciaron e se desenvolveron, como digo, no seo familiar. Non só dende a pintura, tamén dende a música, a literatura, etc. Tiven profesores dende neno que me motivaron, animándome a presentarme a certames e concursos, sendo o primeiro que recordo aos 10 anos en Pardiñas promovido pola Asociación Xermolos.

Como combina a súa vertente como profesional da saúde coa artística?

Unha mestura de obrigación e devoción, posto que a saúde mental é a miña actividade profesional e o debuxo e a pintura forma a parte máis importante do meu tempo de lecer. Se ben de xeito transversal, esta vertente artística, puntualmente, tamén se inserta na profesional.

De que traballos se sente máis orgulloso?

Dos que máis orgulloso me sinto son aqueles feitos con celme e que acaban sendo propiedade das persoas que máis quero: familia, amigos... Que os atesouren como algo importante das súas perenzas, xa que todas estas obran levan o selo persoal. Se tivera que destacar algunha, serían dous retratos que fixen aos meus sobriños cando eran pequenos.

Cales son os seus obxectivos artísticos?

Nunca me marquei ningún obxectivo concreto, alén de poder dispor de tempo para nutrir e facer medrar a miña obra, seguir aprendendo e explorando e, nalgún momento, facer algunha exposición con proxectos que aínda están xestándose.

Como é a súa vinculación con Vilalba e tamén coas súas festas?



Como as vivía antes e como as vive agora?

Ser vilalbés de nacemento é o vello máis importante, é ese cordón umbilical que cando estás lonxe implica a necesidade de retornar, aínda que só sexa para coller alento. E as festas de Vilalba son unha visita asegurada e supoñen exaltar esa cualidade de Vilalbés como un expoñente de ocio e desfrute. Malia as diferenzas do paso do tempo, entre como vivía as festas cando era neno e agora como adulto, sempre hai un denominador común: a xuntanza coa familia, amizades e roubarlle a miña nai algunha amendoa durante a elaboración do roscón, que nunca pode faltar! Tampouco no cartel.

“Quixen poñer en valor o traballo, xeralmente das mulleres, coas figuras tecidas que adornan as rúas durante estes días”



PREGOEIRO

Daniel Veiga Roca, músico e director da Banda

“A miña vinculación con Vilalba fraguouse na miña infancia. A relación cos meus avós maternos foi unha influencia enorme”

“Quédanme moitísimas cousas por facer, pero aínda non sei cales. Sempre deixei que a vida me fora levando e marcando o camiño”

O pregoeiro das festas será este ano Daniel Veiga Roca, músico vilalbés cunha destacada traxectoria profesional que comezou precisamente na Banda de Música de Vilalba, onde iniciou a súa formación sendo un neno. Tras completar estudos en distintos conservatorios e centros superiores e colaborar con formacións orquestrais de referencia tanto nacionais como internacionais, actualmente é clarinete solista da Orquesta Sinfónica Ciudad de Zaragoza, colaborador habitual da Real Filharmonía de Galicia, profesor do Conservatorio Profesional e da Escola de Música de Vilalba e director da Banda de Música de Vilalba.

Como recibiu a noticia de que foi escollido para ser pregoeiro das festas?
Pois nun primeiro momento con algo de síndrome do impostor... penso que é humano sentir que calquera outro podería estar nese lugar e facelo mellor. Pero moi rapidamente tomeino con moita ilusión e como unha oportunidade de dar visibilidade



ao meu traballo e á tradición musical en Vilalba.

Ten unha gran vinculación co pobo e a súa actividade?
Si, sobre todo nos últimos anos. Ao ser profesor de clarinete na Escola de Música, no Conservatorio e director da Banda estou en contacto con moitas familias. Ademais, no ámbito persoal, gústame facer vida social en Vilalba e acudir, sempre que podo, ás actividades culturais.

Ten percorrido moito mundo, pero non deixa Vilalba atrás. Que lle une tanto á vila?
Penso que a miña vinculación con Vilalba fraguouse hai moitos anos, na miña infancia. A miña relación cos meus avós maternos foi unha influencia enorme no meu carácter e na



miña personalidade, xa que eran persoas moi activas na vida social e cultural da vila. Lembro acompañalos desde moi pequeno aos ensaios da Coral Polifónica e que me levaran a moitas actuacións no Auditorio Municipal: teatro, ballet, música

de varios estilos... E todo isto foi o xerme de todo o que viría despois. Ademais, comezar na Banda de Música tocando o clarinete fíxome pasar a formar parte dunha familia musical que sempre que volvía estaba aí, polo que si que sentín sempre

TORNEO NACIONAL DE FUTBOLIN
TORNEO OFICIAL CIRCUITO INFINITY ESPAÑA
9 - 11 OCTUBRE 2026
10.000 en premios
Presentado por INFINITY ESPAÑA

Máster de Vilalba

680 97 52 85 - 687 98 21 18

50% 30% 20%

MOVIMIENTO					PARADO				
1º	2º	3º	4º	5º	1º	2º	3º	4º	5º
1.000 €	400 €	200 €	100 €	50 €	1.000 €	400 €	200 €	100 €	50 €
300 €	200 €	100 €	50 €	30 €	300 €	200 €	100 €	50 €	30 €
200 €	100 €	50 €	30 €	20 €	200 €	100 €	50 €	30 €	20 €
100 €	50 €	30 €	20 €	10 €	100 €	50 €	30 €	20 €	10 €
50 €	30 €	20 €	10 €	5 €	50 €	30 €	20 €	10 €	5 €
30 €	20 €	10 €	5 €	3 €	30 €	20 €	10 €	5 €	3 €
20 €	10 €	5 €	3 €	2 €	20 €	10 €	5 €	3 €	2 €
10 €	5 €	3 €	2 €	1 €	10 €	5 €	3 €	2 €	1 €
5 €	3 €	2 €	1 €	0,50 €	5 €	3 €	2 €	1 €	0,50 €

Concello de Vilalba CENTRO CULTURAL e RECREATIVO de VILALBA LUCUS VMC

pintura de fachadas interior pladur
escayola parquet papel decorativo etc

PINTURAS SAN ROQUE

Nuestra tienda en Plaza de San Roque Nº 2 (Detrás de Godis) - Vilalba
sanroque@pinturas-sanroque.com - Telf/Fax: 982 511 524 - www.pinturas-sanroque.com



un forte vencello con Vilalba.

Pode adiantarnos un pouco do que vai falar no pregón?

Gustárame, pero son moitas as ideas e aínda é preciso rematar de darlles forma. O que si é seguro é que a música e a Banda de Música de Vilalba terán un papel protagonista acorde ao que supoñen para min.

Que lembranzas garda das festas e da súa evolución?

Das festas gardo unha lembranza sempre boa, aínda que aquí en Vilalba teñen un sabor agri doce ao supoñer o remate do verán. Lembro de neno

acudir con moita ilusión á Festa da Bicicleta e ter por tradición cear os churros á volta. Lembro tamén vivir a Xira con moita intensidade os primeiros anos nos que os meus pais me deixaban facelo cun pouco máis de liberdade. E lembro que estas datas foron, durante moitos anos, o meu punto de encontro con moita xente cando vivín fóra de Vilalba, o que facía que as marcasse sempre como unha cita ineludible. As festas foron cambiando, como é normal, pero noto máis como fun cambiando eu e como, aínda así, non deixaron de ser unha data importantísima para min.

Como se iniciou na música? E como foi crescendo con ela?

Os meus comezos foron aquí, nos Cursos de Iniciación que a Banda de Música de Vilalba organizaba hai uns anos. O meu avó propúxome ir para probar se me gustaba e penso que conectei desde o primeiro momento. Ao principio era unha actividade máis e non me plantexaba unha vida profesional relacionada coa música, pero sempre me gustou e pouco a pouco fun vándoo como unha opción a ter en conta. Agora mesmo, a música ten un papel moi importante na miña vida: traballo como docente e como director de banda,

pero tamén me manteño como intérprete e fago arranxos para a propia banda.

Que lle queda por facer? Cal vai ser o próximo obxectivo?

Quédanme moitísimas cousas por facer, pero aínda non sei cales. Sempre deixei que a vida me fora levando e marcando o camiño. En mente hai moitos proxectos e moitas ideas que me gustaría levar a cabo... pero o tempo é limitado e non sempre se pode facer todo o que se quere. Agardo que veñan moitas cousas boas aínda que, como ata agora, sexa preciso traballar moito para conseguilas.

HISTORIA

A Banda de Música de Vilalba mantén viva unha tradición musical con décadas de historia.

A formación naceu a partir da Escola de Música creada polo Concello de Vilalba en 1987, tras varios anos de escasa actividade musical na vila. Despois de anos de formación e coa adquisición dos instrumentos por parte do Concello, a banda ofreceu a súa primeira actuación na Semana Santa de 1990.

No ano 2011, durante a celebración do 30 aniversario da formación, César Concheiro Guerrico lle pasou a batuta a Daniel Veiga Roca, que asumiu desde ese momento a dirección da Banda de Música de Vilalba.

Ao longo destes anos, a Banda de Música de Vilalba levou a súa música por diferentes puntos de Galicia, Asturias, León e Portugal, ademais de participar en intercambios, circuítos culturais e numerosas actuacións.

A formación tamén conta con presenza en medios como a Televisión de Galicia, Radio Galega e Televisión Española en Galicia, así como con dúas gravacións discográficas, realizadas en 1995 e 2001.



A XIRA

A antesala das festas patronais para todas as idades

O día 26 será a quenda dos maiores, que farán un xantar, e a fin de semana seguinte será para a mocidade

A Xira dos Maiores volverá ser este ano a encargada de abrir as festas patronais de San Ramón e Santa María de Vilalba. A cita celebrarase o mércores 26 de agosto na explanada da área recreativa da Madalena, cunha xornada dedicada á convivencia, ao reencontro e ao desfrute das persoas maiores do municipio. A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira de Servizos Sociais, Paula Vigo, foron as encargadas de presentar unha programación que combina celebración, música e gastronomía e que se converte xa nunha das citas que marcan o inicio do programa festivo da vila. Os actos comezarán ás 12:30 horas cunha misa cantada pola Coral Luar. A continuación, o Dúo Venus será o encargado de poñer música á sesión vermú, antes do tradicional xantar popular, previsto para as 14:30 horas. O menú estará composto por xamón cocido, polbo, churrasco e criollo, sobremesa, pan, bebida e café, cun prezo de 20 euros por persoa. O Concello de Vilalba asumirá unha parte importante do custo a través da Concellería de Servizos Sociais, co obxectivo de facilitar a participación das persoas maiores. O prazo para inscribirse previamente no punto de información da Casa do Concello ou no teléfono 982 51 03 05 rematou o 21 de agosto. Despois do xantar, a festa conti-



nuará pola tarde cunha sesión de baile novamente amenizada polo Dúo Venus, prolongando unha xornada pensada para compartir e gozar en comunidade. Marta Rouco destacou a importancia de que as persoas maiores dispoñan de espazos propios para o encontro e a participación. A alcaldesa subliñou que o Concello quere seguir creando oportuni-

dades para que este colectivo participe activamente na vida social do municipio e apostando polo envellecemento activo. A Xira dos Maiores forma parte, ademais, dunha programación municipal máis ampla dirixida ás persoas maiores, que inclúe os bailes periódicos no Centro Cultural e actividades de dinamización nas parroquias. Os bailes, que le-

van celebrándose todo o inverno tiveron unha gran acollida. Con esta nova edición, Vilalba volverá iniciar as súas festas patronais cunha celebración protagonizada polas persoas maiores do municipio, que serán as encargadas de dar o primeiro paso cara a varios días de festa en honra de San Ramón e Santa María.

É un punto de encontro para a veciñanza, unha tradición que marca o comezo dos días grandes de Vilalba e unha celebración que reúne diferentes xeracións arredor da música, a gastronomía e a convivencia

MÉRcores 26 DE AGOSTO | NA MADALENA

12:30 MISA CANTADA POLA Coral Luar

SESIÓN VERMÚ CO Dúo Venus

14:30 XANTAR POPULAR IMPRESCINDIBLE ANOTARSE!

MENÚ: XAMÓN COCIDO, POLBO, CHURRASCO E CRIOLLO, SOBREMESA, PAN, BEBIDA E CAFÉ. PREZO: 20€/PERSONA

Para anotarse: data límite o 21 de agosto CHAMAR AO 982.51.03.05 OU EN INFORMACIÓN NA CASA DO CONCELLO

BAILE AMENIZADO POLO Dúo Venus

Café Centro

Rúa da Pravia, 30 - 27800 Vilalba (Lugo) - Tel.: 608 450 390

Visítanos en

clínica dental Pilar Vázquez

982 88 77 68

- Limpieza con GBT Machine®
- Ortodoncia invisible
- Odontopediatría mínimamente invasiva
- Blanqueamiento "en una cita dientes más blancos"
- Implantes
- Endodoncia
- CBCT (Tac dental)

Clinica dental Pilar Vázquez Nº Registro: C-27-000799

Avda. Terra Chá 190, baixo 27800 Vilalba Lugo



XIRA CAMPESTRE

As festas patronais de San Ramón e Santa María de Vilalba volverán ter na Xira a súa previa de luxo, unha celebración que este ano se estenderá durante toda a fin de semana do 28 ao 30 de agosto na explanada da Área Recreativa da Madalena. A programación estará pensada para o encontro entre amigos e familias, coas tradicionais merendas e un ambiente festivo que converte esta cita nunha das máis agardadas do calendario vilalbés.

A Xira é, ano tras ano, a gran antesala das festas patronais e unha das celebracións con maior participación popular, especialmente entre a mocidade. A súa importancia vai máis alá da programación musical: é un punto de encontro para a veciñanza, unha tradición que marca o comezo dos días grandes de Vilalba e unha celebración que reúne diferentes xeracións arredor da música, a gastronomía e a convivencia. Centenares de cuadrillas, formadas por xente nova e maior, acoden á área recreativa da capital chairega, situada xunto

ao río Magdalena, para desfrutar de comidas campestres e das actuacións das orquestras. Á xira acoden moitos vilalbeses, pero tamén veciños doutros municipios chairegos. A afluencia de xente obriga a establecer un dispositivo de tráfico, concretando as vías de acceso e de saída. De feito, a proposta é definida pola organización como “un exemplo de dinamización cultural que nace da xente moza, que aposta polo talento local e pola diversidade musical, e que xa é unha cita imprescindible dentro das nosas festas patronais”. A programación arrincará o venres 28 de agosto coa V Sesión de DJs Locais, que terá lugar na explanada da Madalena a partir das 20:30 horas congregando ao público ata que teña o seu inicio oficial unha hora máis tarde. A noite contará coas actuacións de David García, Cris Vázquez, Bris Trad, DecruX e Shera & Sile, nunha proposta que volve poñer o talento local no centro da Xira. A música continuará o sábado con novas actividades dentro da programación festiva da fin de semana, mantendo a Madalena como principal punto de encontro da Xira.



Nesta ocasión estarán en sesión vermú, a partir das 13.30 horas o grupo La Bamba e a orquestra Galaxia, que farán dobrete a partir das 22.30 horas na verbena. O domingo 30 de agosto chegará unha das citas tradicionais da celebración: a sesión vermú longa, que comezará ás 13:30 horas na explanada da Área Recreativa da Madalena e estará amenizada polo Grupo La Tremenda. A última xornada da Xira servirá tamén de transición cara ás festas patronais. Ás 19:00 horas terá lugar o pregón, mentres que pola noite, a partir das 22:30 horas, o Campo da Feira acollerá a verbena, coa actuación da Orquestra Los Satélites e do Grupo Origen. A programación permitirá así pechar a Xira por todo o alto e dar paso oficialmente aos días grandes de Vilalba, despois dunha fin de semana na que a Madalena volverá ser o epicentro da celebración. Deste xeito, a Xira mantén o seu carácter de celebración colectiva e interxeracional, combinando tradición e novas propostas e converténdose un ano máis no punto de partida das festas de San Ramón e Santa María.

Esta celebración ten unha longa tradición na vila e só foi suspendida durante a pandemia.

RESPONSABILIDADE

Para que todo transcorra con normalidade e sexa un éxito, o concello fai un chamamento a todos os veciños e veciñas para compaxinar a celebración co respecto á contorna natural e ao medio ambiente, prestando especial atención e consideración naquelas zonas ou terreos de propiedade privada. Este sería o caso da maior parte dos terreos situados no monte

da xira, onde se desenvolverá con normalidade tal e como se viña facendo anteriormente, pero incidindo na necesidade de evitar prácticas que podan ocasionar danos á natureza, así como pedindo a limpeza posterior e adecuada xestión dos residuos, tanto nas zonas públicas como privadas, tendo en conta que estas últimas son cedidas polas persoas propietarias dos terreos para esta celebración. Ademais, lembran a importancia de deixar os accesos libres e poñer as merendas dun xeito ordenado que permita a convivencia de todos os grupos.



Organiza



Colabora





Concello de Vilalba

VILALBA, UN CONCELLO QUE XERA OPORTUNIDADES

O Concello de Vilalba consolida o seu modelo de vila cun plan de goberno liderado pola alcaldesa, Marta Rouco, para modernizar os servizos públicos municipais e construír unha Vilalba con oportunidades para toda a veciñanza.

"O noso traballo diario da resposta a esta nosa maneira de entender a política municipal: seguir mellorando os servizos e espazos públicos, facer unha vila máis agradable para vivir e construír unha Vilalba pensada para todas e todos, xerando oportunidades de todo tipo", asegura a alcaldesa.

Conciliación: novos servizos para atender as necesidades das familias

O Concello de Vilalba pon en marcha este curso 2026/27 'Concilia na tarde'. Trátase da última iniciativa de goberno local para facilitar a conciliación das familias vilalbesas.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, destaca que "a creación deste servizo pioneiro e as outras medidas impulsadas nos últimos tres anos responden a unha demanda crecente de moitas familias do municipio, que precisan recursos públicos adaptados ás necesidades reais do día a día".

O servizo 'Concilia na tarde' desenvolverase inicialmente no CEIP Antonio Insua Bermúdez, no CEIP Manuel Mato Vizoso e na Escola de Educación Infantil de Vilalba, quedando ademais aberto á súa futura implantación noutros centros.

Desde a Alcaldía xestiónase tamén o servizo de Madrugadores e Vilalba desde este ano conta cun novo Punto de Atención á Infancia, con 20 prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

En materia de Ensino, o Concello de Vilalba aprobou recentemente unhas novas axudas destinadas á adquisición de material escolar para o alumnado de Educación Infantil (3 a 6 anos) correspondentes ao curso 2026-2027.

Unha convocatoria á que o goberno municipal destina 12.000 euros co obxectivo de apoiar ás familias vilalbesas, nunha etapa educativa na que actualmente non existe ningunha liña de axudas para material escolar por parte doutras administracións públicas.



Unha Vilalba máis limpa e obras para mellorar a vida da veciñanza

O Concello de Vilalba é a día de hoxe unha referencia a nivel nacional pola súa clara aposta polas melloras na recollida de lixo, a limpeza viaria e o tratamento dos plásticos agrícolas.

O pasado mes de xuño, o concello recibiu en Madrid o premio Escoba de Prata, un recoñecemento estatal a esta aposta pola limpeza e a sostibilidade.

Polo que respecta ás obras, hai unha programación continuada de grandes proxectos, actuacións máis pequenas e o plan de rexeneración de pistas nas parroquias, grazas ao acordo alcanzado por Marta Rouco coa presidencia da Deputación de Lugo para traer todos os anos a Vilalba o parque móbil provincial.

Entre as obras máis recentes aprobadas, destaca o proxecto para renovar a rede de abastecemento na rúa Cidade de Viveiro.

Sumando todo tipo de proxectos, o concello mobilizou no último ano e medio máis de cinco millóns de euros para executar ou aprobar 40 obras. "Seguimos traballando para modernizar as infraestruturas municipais, tanto no casco urbano como nas parroquias", apunta Rouco.

Proxección de Vilalba con actividades dentro e fóra do concello

O Concello de Vilalba desestacionalizou unha programación deportiva, musical e de lecer durante todo ano, con eventos e actividades para facer de Vilalba unha vila activa con propostas para compartir, disfrutar e facer comunidade, beneficiando ao sector servizos.

Este mes de xullo, Vilalba acolleu no Estadio da Madalena cun cheo absoluto un partido entre o Deportivo da Coruña e o CD Lugo, mentres que na primavera foi saída dunha etapa da volta ciclista 'O Gran Camiño'.

Vilalba acolleu tamén a IX Mostra Musical do Eixo Atlántico en maio, que reuniu en Vilalba a centos de mozos músicos de Galicia e Portugal, enchendo a vila de talento, actividade e música.

En xuño, Vilalba foi un gran punto de encontro da música e da cultura galega coa celebración da décima edición de 'No bico un cantar', con máis de 400 nenos e nenas chegados de conservatorios profesionais de toda Galicia, xunto co alumnado da Escola de Música de Vilalba, do Conservatorio Profesional de Vilalba e doutros centros.

Fóra do concello, Vilalba foi protagonista o pasado mes de xullo de 'Galicia Pueblo a Pueblo', "unha iniciativa organizada pola Agrupación Hijos de Galicia de Sestao para seguir proxectando Vilalba e dar a coñecer todo o que temos. Participar nestas iniciativas tamén é crear oportunidades para o noso comercio, a nosa hostalaría, a nosa economía e, en definitiva, para todo o municipio", remata a alcaldesa.



DEPORTES

Os protagonistas, fútbol, tenis, atletismo e xadrez

A organización aposta un ano máis polo deporte e a promoción dos hábitos saudables

Ademais da música e a tradición, as festas de San Ramón e Santa María volveron apostar un ano máis polo deporte e a promoción dos hábitos saudables. Os protagonistas, como todos os anos, son o fútbol, o tenis, o atletismo e o xadrez.

FÚTBOL

O día da Xira Campestre terá lugar o Campionato de Fútbol Trofeo President, un acto organizado polo Rácing Vilalbés no que se enfrontarán o equipo local sénior e o Bergantiños, un contrincante habitual desde hai varios anos. O encontro terá lugar na explanada da Madalena a partir das 21:30 horas, converténdose nunha cita inesquecible para os afeccionados a este deporte, así como para todas aquelas persoas que queiran pasar un rato divertido animando o equipo local.

Indispensable tamén é o Trofeo Memorial Jorge Tato, un partido celebrado na honra do xogador xuvenil vilalbés falecido anos atrás. O encontro disputarase o día 31, Día de San Ramón, no Estadio Roca, ás 18:00 horas, e os equipos protagonistas da tarde serán o Racing Vilalbés e un potente equipo xuvenil aínda por escoller.

TENIS

Como é habitual, o Club Tenis Vilalbés organizou un torneo aberto de tenis, tanto para xogadores federados como para non federados, sendo este ano a súa trixésimo terceira edición. A competición desenvolveuse do 16 ao 22 no complexo deportivo A Madalena e contou coa participación de deportistas nas diferentes categorías previstas pola organización.

O programa deportivo abarcou un amplo abano de modalidades. No relativo ao cadro final de absoluto federado masculino e feminino, requiríuse un mínimo de 16 xogadores para disputar a proba, accedendo a el os 10 mellores clasificados, 4 xogadores procedentes da fase previa e 2 convidados.

A competición estivo dirixida polo xuíz árbitro Paulino Fernández Seoane, encargado de resolver as cuestións que puidesen xurdir ao longo do campionato. Os partidos da categoría absoluta federada disputáronse ao mellor de 3 sets, mentres que nas restantes categorías xogouse ao mellor de 3 sets cun supertie-break no terceiro set.

As recompensas, na categoría sénior masculina e feminina, outorgouse ao campión un Trofeo Sargadelos valorado en 120 euros, mentres que o



subcampión recibiu un Trofeo de Sargadelos. Nas categorías infantil, alevín, benxamín, +35, +40, +55 e dobres entregáronse trofeos tanto ao campión como ao subcampión.

CARREIRA NOCTURNA

O atletismo tamén tivo o seu espazo cunha nova edición da Nocturna de San Ramón. O pasado sábado 22 de agosto, a Praza da Constitución acolleu a VIII edición da carreira nocturna, unha proba integrada no circuíto de carreiras populares Terra Chá Challenge e aberta á participación de corredores de diferentes idades.

A competición contou con categorías para os máis pequenos, desde pitufos ata sub-16, ademais das categorías xuvenil, sénior e veteranos A, B e C. Tamén se estableceu unha clasificación específica para os tres primeiros corredores vilalbeses.

A organización entregou trofeos aos primeiros clasificados das categorías de menores, mentres que na categoría absoluta os tres primeiros recibiron un trofeo e produtos locais. Os participantes máis novos contaron tamén con avituallamento ao rematar a proba, xunto cun vale para chocolate con churros.

A carreira incluíu, ademais, premios especiais para os equipos mixtos. O equipo vencedor recibiu un trofeo e 150 euros, o segundo clasificado un trofeo e

100 euros e o terceiro un trofeo e 50 euros. Deste xeito, a Nocturna San Ramón volveu reunir deporte e ambiente festivo nunha das citas xa consolidadas do calendario das festas.

Así mesmo, o xadrez consolidábase un ano máis como un dos grandes atractivos para veciños e visitantes de todas as idades.


XADREZ

O xoves 3 de setembro celebráranse as XXXII Simultáneas de Xadrez, unha actividade habitual no programa festivo que permitirá aos afeccionados participar nunha xornada dedicada a este deporte.

As partidas darán comezo ás 18:00 horas na Praza da Constitución e estarán abertas á participación do público en xeral, sen límite de idade. Todos os participantes recibirán, ademais, un agasallo como lembranza da súa participación.

O mestre de xadrez Antonio Nieto Velado será o encargado de dirixir as simultáneas, nunha actividade pensada tanto para persoas afeccionadas a este deporte como para aquelas que queiran achegarse ao mundo do xadrez e desfrutar dunha tarde diferente.

No caso de que as condicións meteorolóxicas non permitan celebrar a actividade ao aire libre, as partidas trasladaranse ao Espazo Xove.



Impulsa tu seguridad laboral

Formación oficial certificada bajo los estándares GWO y Aeléc. Convocatorias abiertas y cursos todas las semanas.

Reserva tu plaza en:



www.newtonacademia.es
Tlf: 982 523 238
informacion@newtonacademia.es



Dmiguel

Tapería - arrocería

982 09 23 67

A BICICLETA

As tradicionais pedaladas serán o xoves 27

Un ano máis, farase a Festa da Bicicleta, na que se esperan centos de participantes de todas as idades

Como non podía ser doutra maneira, o programa das festas do San Ramón e Santa María reserva un día para a Festa da Bicicleta, que este ano chega á súa trixésimo primeira edición, sendo unha das citas máis esperadas e consolidadas do verán. Será o xoves 27 e a saída está prevista para as 19:30 horas desde a Praza da Constitución, onde tamén estará situada a meta. O percorrido levará os participantes por diferentes rúas de Vilalba, nun itinerario pensado para poder participar tanto en bicicleta como sobre patíns. A ruta comezará na Praza da Constitución, á altura do templo, e continuará pola rúa Basanta Silva, en dirección á Casa da Cultura. Desde alí, os participantes seguirán pola rúa da Pravia e o Campo de Ponte, para continuar pola rúa de Muras, a rúa de Cospeito, a avenida Terra Chá, Xosé María Chao Ledo, a rúa de Galicia e a praza Suso Gaioso. Finalmente, emprenderán o camiño de regreso ata a Praza da Constitución, onde estará situada a chegada. A actividade está aberta a todo aquel que queira participar, sen límite de idade, o único requisito é ir sobre rodas impulsadas pola tracción humana, polo que se admiten ata carros para bebés. De feito esta celebración conta todos os anos con centos de participantes.

Para tomar parte no sorteo de agasallos que se realizará ao rematar o paseo, será necesario formalizar previamente a inscrición. Cada participante recibirá no momento de inscribirse un dorsal cun número e un boleto que deberá entregar á hora da saída para poder participar no sorteo.

A organización preparou unha ampla relación de premios e agasallos para os participantes inscritos. Entre eles figuran unha bicicleta, un televisor de 32 polgadas, un bono regalo en prendas deportivas, un par de patíns, dúas mochilas, un casco de ciclista e tres queixos de San Simón da Costa. Ademais, haberá un trofeo especial para o participante de maior idade, como recoñecemento á súa participación nesta actividade deportiva e de carácter popular. As inscricións poderán realizarse no Espazo Xove. A inscrición xa está aberta e manterase ata dúas horas antes da saída, en horario de 18.00 a 21.00 horas. Para obter máis información, os interesados poden contactar co teléfono 982 828 340. Desde a organización animan a todos a participar para admirar as contornas de Vilalba dunha maneira diferente, así como a desfrutar con familiares e amigos do ambiente festivo que se respira eses días na localidade.



As inscricións poderán realizarse no Espazo Xove ata dúas horas antes da saída, prevista para as 19.30 horas



**CAFÉ-BAR
TORREAVEGA**
DESDE 1964

Xa estamos de volta

XISTER
Enxeñaría Rural

982 51 20 88
689 00 70 41
Rúa Guitiriz, 8 baixo
27800 Vilalba (Lugo)
wxister.es

MILAR ALBOSAT
tu tienda de electrodomésticos

Avda. de Galicia, 42
27800 Vilalba (Lugo)
Telf.: 982 510 581
655 470 030
info@albosat.es
www.albosat.es

Servicio propio de reparación

Venta y reparación

COMBI BOSCH KGN36VIED
Frigorífico: 237 L. +
Congelador: 89 L. +
Acero Inox antihuellas

699€

329€

LAVADORA INFINTON WMS84ABN
8 Kg carga + 1400 RPM +
Función Vapor Care +
Motor Inverter + 15 Programas

359€

LAVAVAJILLAS BEKO BDFN05330X
Acero Inox antihuellas +
Inicio diferido +
Media carga + Water Safe + Eco 50° C

305€

CAFETERA EXPRESSO KRUPS EA8110 ARABICA
Del grano a la taza +
Molido 20% más rápido + Prensado ultraplano +

MÚSICA

As grandes citas musicais das patronais

O tributo a Estopa e o espectáculo ‘Yo lataba en EGB’ protagonizarán a noite do sábado 5 de setembro

O sábado 5 de setembro será o día máis musical da festa. Ademais do pasacalles e a sesión vermú amenizada polo dúo Estrellas, pola noite, a partir das 22.30 horas na Praza da Constitución, contarase coa presenza do dúo Marcos Peón e DJ Frisco. Co seu espectáculo *Yo lataba en EGB* farán soar os grandes éxitos que marcaron a toda unha xeración. O prato forte chegará da man do grupo A Toda Pastilla, un tributo a Estopa que non deixará indiferente a ninguén. A Toda Pastilla é unha banda tributo dedicada aos irmáns Muñoz que busca recrear con fidelidade e paixón os grandes éxitos do coñecido dúo catalán. Formada por músicos profesionais, a agrou-

pación ofrece un espectáculo que combina a esencia, o estilo e a enerxía que caracterizan a Estopa, facendo un percorrido polas diferentes etapas da súa traxectoria musical. O proxecto está formado por José Gayo á batería, Ignacio Carasa ao baixo, Miguel Fernández ao teclado, Facundo Virasoro á guitarra, Antonio Miguel ‘Rocky’ Guevara á guitarra española e nos coros, e Diego Teruel ‘El Bombo’ como voz principal. Xuntos reproducen o son e a personalidade musical de Estopa, coidando especialmente a posta en escena e a calidade do son para ofrecer unha experiencia próxima á dunha actuación da banda orixinal. Estopa deixou unha pegada pro-

funda na música española grazas á súa particular mestura de rumba, flamenco e pop. Cancións como *La Raja de tu Falda*, *Vino Tinto* ou *Como Camarón* forman parte do imaxinario musical de varias xeracións e contribuíron a converter o dúo nun auténtico fenómeno cultural. Desde o respecto e a profesionalidade, A Toda Pastilla propón así unha homenaxe á obra dos irmáns Muñoz, percorrendo as diferentes etapas da carreira de Estopa a través dun repertorio cargado dos seus grandes éxitos. O obxectivo é facer desfrutar tanto aos seguidores do dúo catalán como ao público xeral, que medrou e desfrutou destas cancións ao longo dos anos.

FESTIVAL DE BANDAS. Previo a estes concertos, celebrarase o tradicional Festival de Bandas de Pepe Guntín, un clásico nas festas. As bandas participantes son a Banda de Música da Comarca de Sarria, a Banda de Música de Siero e a Banda de Música de Vilalba, unha agrupación musical creada en 1991 a partir da escola de música fundada polo Concello en 1987 co propósito fundamental de promover e divulgar a música de banda. Entre os seus fins máis relevantes figuran as súas aparicións na Televisión de Galicia, na Radio Galega e en Televisión Española en Galicia. Ademais, a formación conta con dous traballos gravados, editados nos anos 1995 e 2001, este último publicado para conmemorar o seu X Aniversario. Actuarán ademais, o luns 31 de agosto na Praza da Rúa da Pravia a partir das 20. 00 horas. Unha cita inesquecible para os amantes da música tradicional galega e da localidade de Vilalba.



As mellores orquestras para os vermús e as verbenas

As festas de Vilalba de 2026 presentan unha programación musical extensa e diversa, na que teñen cabida tanto formacións históricas como novas propostas e artistas vinculados directamente coa localidade. Combinando propostas para diferentes públicos e estilos, Vilalba converteuse nun punto de encontro para a música, o baile e a celebración durante unhas festas que volverán reunir á veciñanza e ás persoas que se acheguen á localidade durante estas datas. As actuacións comezarán o mércores 26 de agosto coa presenza do dúo **Venus**, formación integrada por Suso e Marisol, dous músicos con ampla experiencia na amenización de todo tipo de eventos en Galicia. O dúo caracterízase pola súa capacidade para adaptar o repertorio ao público e ás características de cada celebración, procurando que cada actuación sexa diferente e que as súas propostas musicais poidan chegar a públicos diversos. O sábado 29, será unha das primeiras grandes xornadas de verbena, cun programa que contará coa participación do grupo **La Bamba** e coa orquestra

Galaxia, tanto na sesión vermú como na verbena da noite. La Bamba é unha formación musical en funcionamento desde 2016, integrada por xente nova e caracterizada polas súas voces potentes e por un directo dinámico. O seu obxectivo é conectar co público a través dun repertorio variado e dunha posta en escena pensada para facer participar aos asistentes. Pola súa banda, a orquestra Galaxia é unha formación coñecida dentro das verbenas galegas e conta xa con máis de 20 anos de traxectoria. Durante estas dúas décadas levou a súa música por numerosas festas patronais de Galicia, cun espectáculo centrado na música, o baile e o directo. A programación continuará o domingo 30 cunha tripla proposta formada polo grupo **La Tremenda**, a orquestra **Los Satélites** e o grupo **Origen**. La Tremenda (13. 30 horas) nace das inquietudes artísticas de Lidia Meilán, coñecida como “La Tremenda”, e do produtor Dennys Antillano. A formación aposta polas cancións máis actuais do panorama musical, ás que procura achegar o seu propio estilo e personalidade para crear un espectáculo dinámico e pensado para animar ao público.



miCamame mimia

alta colchonera

Rúa Benxamin Paz,
25 Baixo - Vilalba

Tfños.: 982 878 573
697 294 123

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE

TELF.: 692 071 240
DIR.: RÚA DA PRAVIA 46 ENTRESUELO C.
VILALBA 27800 (LUGO)
'GALERIAS CAMBA'

BARBERÍA

• DE JULIO •



Ese mesmo día, a partir das 22.30 horas, tamén actuará Los Satélites, unha das agrupacións históricas da música de verbenas en Galicia. Con máis de oito décadas de historia, a formación leva desde 1938 acompañando as celebracións galegas e mantendo unha presenza destacada no circuío das festas patronais. Os seus repertorios de salsa, baile e música popular, unidos aos seus animados espectáculos, converteron a orquestra nunha referencia da verbena galega. A xornada completárase coa actuación do grupo Origen, formación fundada por dous cantantes aos que se sumaron outros profesionais do sector e que conseguiu consolidarse rapidamente como unha proposta habitual nas festas patronais de diferentes comarcas.

O luns 31 de agosto, Día de San Ramón, chegará unha das xornadas máis intensas da programación musical, con tres orquestras sobre o escenario. A partir das 14.00 horas, a orquestra Escaparate será a encargada de amenizar a sesión vermú longa na Praza da Constitución. Pola noite, a partir das 22.30 horas, a verbena trasladarase ao Campo da Feira coa actuación da orquestra Panorama City e da orquestra Costa Dorada.

A orquestra Escaparate, orixinaria da provincia de Lugo, conta con máis de 15 anos de experiencia e especializouse en ofrecer espectáculos baseados na música actual, o baile

e a animación. Pola súa parte, Panorama City é unha das formacións de maior prestixio e tradición de Galicia. Fundada en 1988, destaca polos seus espectáculos audiovisuais de máis de tres horas de duración, nos que combina enerxía, frescura, música e unha importante posta en escena. A terceira proposta da noite será a orquestra Costa Dorada, que completará unha xornada especialmente dedicada á música de verbena.

O martes 1 de setembro, Día de Santa María, será outra das grandes citas musicais das festas. A partir das 14.00 horas, a orquestra Fuego amenizará a sesión vermú longa na Praza da Constitución. Xa pola noite, a partir das 22.30 horas, o Campo da Feira acollerá a verbena coa actuación das orquestras París de Noia e Trébol.

A orquestra Fuego está integra-



da por catro cantantes e cinco músicos e caracterízase pola súa frescura e dinamismo. Con máis dunha década de traxectoria, a formación ofrece un espectáculo pensado para un público amplo e cun repertorio destinado ao baile e á animación.

A noite contará tamén coa presenza da orquestra París de Noia, unha das formacións máis recoñecidas e prestixiosas da verbena galega. A súa historia comezou en 1957, aínda que foi a partir de 1981 cando experimentou un importante salto cualitativo que a levou a converterse nunha das grandes referencias do panorama musical galego, especialmente pola súa enerxía e pola súa espectacular posta en escena. Dentro da súa xira actual, Va Por Ti Tour 2026, París de Noia fará parada en Vilalba para amenizar a celebración do día de Santa María. A xornada

completárase coa orquestra Trébol, outra formación emblemática que conta cunha longa historia dentro do panorama musical galego.

Tras estas primeiras xornadas de intensa actividade, a programación continuará o venres 4 de setembro coa actuación da orquestra Marbella. A partir das 22.30 horas, o Campo da Feira acollerá a verbena, que contará tamén coa participación de Cosme DJ. Cunha traxectoria marcada pola súa dedicación á música e aos espectáculos de verbena, a orquestra Marbella está composta por músicos con experiencia e aposta por ofrecer actuacións de gran formato, cun repertorio variado e unha posta en escena pensada para facer desfrutar ao público e converter cada noite nunha celebración.

O sábado 5 será a quenda do dúo Estrellas, formado polos

vilalbeses Ana Fanego e David Fanego. A partir das 14.00 horas, será o encargado de amenizar a sesión vermú longa na Praza da Constitución. Ambos levan desde 2012 traballando de maneira continuada co obxectivo de crear un ambiente agradable e festivo nas súas actuacións. O dúo caracteriza as súas presentacións polo coidado de cada detalle e pola procura dun ambiente próximo, facendo que a súa presenza nas festas supoña tamén unha aposta polo talento musical da propia vila.

Finalmente, o domingo 6 a programación das verbenas chegará ao seu remate coa actuación da orquestra Acordes. A partir das 14.00 horas, a formación amenizará a sesión vermú longa na Praza da Constitución, poñendo o punto final á programación musical das festas. Esta coñecida formación musical de verbena, de orixe lucense, conta con máis de 35 anos de historia e unha ampla experiencia nas festas patronais. Con máis de dez integrantes sobre o escenario e un importante despregamento técnico, Acordes ofrece un repertorio variado especialmente orientado ás celebracións populares e ás verbenas.

Deste xeito, desde o mércores 26 de agosto ata o domingo 6 de setembro, a música estará presente en diferentes puntos da vila, con sesións vermú, bailes e verbenas que se desenvolverán tanto pola tarde como pola noite.





MERCAUTO

SERVICIO INTEGRAL DEL AUTOMÓVIL

Vehículos NUEVOS y de ocasión

MECÁNICA | CHAPA Y PINTURA | ELECTRICIDAD | NEUMÁTICOS

+ de 1500 vehículos en stock



 Pol. Industrial Sete Pontes P-17
27800 VILALBA (Lugo)

 982 511 313

 www.mercauto.es

ELECTRICIDAD



Visítenos coa súa factura de luz ou gas

Notará o aforro!



EMPRESA CERTIFICADA ISO 9001 ISO 14001

Vilalba - 982 512 444 - monchoysantome@yahoo.com

A música local destaca no programa festivo

Os grupos tradicionais amenizarán de novo as rúas e prazas durante as fins de semana e festivos

Dentro do panorama musical resulta imprescindible contar coa presenza dos grupos de música tradicional da localidade e dos seus arredores para que os veciños da localidade desfruten dunha parte esencial da cultura e tradicións propias da comarca. As festas de San Ramón e Santa María buscan fomentar o achegamento á cultura galega é estos grupos, que son habituais neste tipo de festividades polo excelente traballo que fan animando as rúas e acompañando os actos máis tradicionais, son indispensables no cumprimento desta tarefa. O programa musical tradicional arrincará o mércores 26 de

agosto, ás 12. 30 horas, cunha misa solemne da man da Coral Luar que volverá a cantar na misa do luns 31. Ese mesmo día, a Asociación Cultural Mato Vizoso e a Asociación Cultural Entre Lusco e Fusco serán as encargadas de amenizar o pasacalles, a partir das 11. 00 horas, e de acompañar a procesión á saída da celebración relixiosa. O día seguinte, o Día de Santa María, a AC Andrade e Buxos Verdes da Chaira serán os encargados de animar as rúas a partir das 11.00 horas, acompañando



tamén a procesión á saída da misa. O oficio relixioso, que terá lugar ás 12.00 horas, estará cantada pola Coral Polifónica Vilalbesa. A música tradicional tamén estará presente o sábado 5 de setembro, coa Asociación Cultural Árdelle o Eixo, que protagonizará o pasacalles a partir das 11.00 horas. Deste xeito, a formación vilalbesa volverá achegar a súa música ás rúas da localidade durante unha das xornadas das festas.

Finalmente, o domingo 6 de setembro, no marco da homenaxe á parroquia de Román, a recepción na Casa do Concello, ás 11:45 horas, contará coa presenza do grupo tradicional Cerna de Árbol, que acompañará as autoridades e a parroquia ata a igrexa de Santa María. Ás 12:00 horas terá lugar a misa solemne, cantada pola Coral Polifónica Vilalbesa, poñendo o punto final a esta programación vinculada á música e á tradición galegas.



CORAIS

CORAL LUAR

A Asociación Coral Luar é unha agrupación coral polifónica fundada no centro sociocomunitario de Vilalba cuxo traballo radica en fomentar a música coral e participar en eventos culturais da zona. Esta asociación conta con décadas de actividade impulsando a tradición musical e os encontros de corais en Galicia.

CORAL POLIFÓNICA

A Coral Polifónica Vilalbesa é unha histórica agrupación musical de Vilalba, herdeira da profunda tradición coral e dos orfeóns da comarca da Terra Chá. Ao longo de décadas, estivo estreitamente vinculada á dinamización cultural e relixiosa da localidade, participando de maneira activa en diferentes celebracións e eventos emblemáticos, entre os que destaca o clásico Festival de Panxoliñas e Polifonía.



R.S. C-27-001184

Carballo & Otero

CLINICA DEL PIE

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE

DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

• PODOLOGÍA

DEPORTIVA - INFANTIL

CIRUGÍA - DIABÉTICA

GERIÁTRICA - PLANTILLAS

• ECOGRAFÍA

• TRATAMIENTOS CON LASER

• ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA

• ÚLCERAS

ARTERIALES - VENOSAS

Carballo & Otero

CLINICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

HORARIO DE VERANO

Lunes, miércoles y viernes

de 9:00 a 15:00h.

Martes y jueves de 9:00 a 20:00h.

Campo de Puente, 20 Bj.

Vilalba - Lugo

Telf: 982 88 75 65

Urgencias: 609 72 97 12

TA

TECNOAGRI

Mantenimiento Técnico Agrícola S.L.

DeLaval

DeLaval

DeLaval

Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea

Teléfono: 982 330 465

OS GRUPOS TRADICIONAIS



ENTRE LUSCO E FUSCO

Entre Lusco e Fusco é un grupo de baile, canto e música tradicional cuxa orixe se remonta a 1990.

Ao longo da súa traxectoria, os membros da asociación participaron en diferentes programas da Televisión de Galicia, realizaron intercambios culturais dentro e fóra da comunidade e estiveron presentes en numerosos eventos, actos e festividades da comarca da Terra Chá. A agrupación tamén mantén unha participación activa na vida cultural de Vilalba e dos seus arredores. Na actualidade conta con arredor de cen socios de diferentes idades, distribuídos nas distintas disciplinas que se imparten. A pesar das diferentes personalidades e formas de pensar dos seus integrantes, todos comparten un mesmo obxectivo: tocar, bailar e cantar, contribuíndo así á promoción e á transmisión da cultura tradicional galega dun xeito ameno e participativo.

MATO VIZOSO

A Banda de Gaitas Mato Vizoso naceu en 1988 no seo da ANPA do colexio que lle dá nome, da

man dun grupo formado por seis nenos de entre 8 e 9 anos e o seu profesor, Carlos A. Celeiro Arias Morón. Co paso do tempo, a formación foi medrando e, a partir de 1992, iniciou unha nova etapa con actuacións públicas fóra do ámbito escolar, primeiro nas festas patronais e nas parroquias e, posteriormente, en diferentes localidades de toda a provincia. En 1993 constituíuse como asociación e, desde entón, participou en numerosos encontros, concertos e festivais por toda a Península Ibérica, consolidándose como unha das formacións tradicionais con maior traxectoria da contorna.

A.C. ANDRADE

A Asociación Cultural de Andrade xurdiu arredor dos anos 1999 e 2000 a partir dun grupo de pandereteiras formado por nenas e persoas adultas que comezaron a dar os seus primeiros pasos no canto e na percusión tradicional. Co paso dos anos, a asociación foi ampliando a súa actividade e incorporando novas disciplinas, entre elas o baile tradicional, a gaita, a linguaxe musical e,

máis recentemente, a percusión brasileira e os cantos de taberna. Na actualidade conta con máis de cen alumnos de diferentes idades repartidos entre as distintas actividades. Ademais, desenvolve unha proposta baseada na combinación de ritmos galegos e danza coa finalidade de achegar ao público a riqueza da multiculturalidade a través da música e do baile.

MESTURA DE NETE

A Asociación Cultural Mestura de Nete constituíuse oficialmente en datas recentes co obxectivo de poder participar en programas como o Musiqueando da Deputación, ademais de tomar parte noutras actividades culturais como os cantos de taberna, procesións, festivais e demais celebracións. Porén, desde o ano 2015, a Asociación de Veciños de Nete xa viña organizando clases de música tradicional: pandeireta, baile, acordeón, gaita, percusión e canto tradicional. Cada ano foi aumentando o número de persoas participantes ata chegar a preto de 80 alumnos.

Co tempo, consolidouse un grupo de canto que ensaia semanalmente e participa activamente en cantos de taberna e nos chamados serás culturais.

BUXOS VERDES

Buxos Verdes é un grupo de música tradicional nacido en Vilalba no ano 2001 que conta actualmente con 25 integrantes de diferentes idades. A súa actividade está impulsada pola paixón pola música tradicional galega e pola vontade de desfrutala e compartila en foliadas, cantos de taberna e

diferentes celebracións. Nos seus repertorios están presentes algúns dos ritmos máis característicos da tradición musical galega, como as muiñeiras, as xotas, as rumbas e os pasodobres, entre outros. A formación mantén así viva a música tradicional e achégaa a diferentes espazos e celebracións da vila.

CERNA DE ÁRBOL

O A agrupación musical Cerna de Árbol xurdiu ao abeiro da Asociación Cultural e Deportiva da parroquia vilalbesa do mesmo nome.

A formación naceu despois dun curso de música no que participaron algúns membros da asociación e, tras un magosto celebrado en 2014, os veciños decidiron dar forma ao proxecto e crear o grupo. Na actualidade conta con arredor de 25 integrantes, entre os que se atopan aproximadamente doce nenos de entre 8 e 14 anos, especialmente afeccionados á percusión.

A formación experimentou diferentes etapas ao longo dos anos e, a pesar das baixas producidas durante a pandemia da covid, ta-

mén foi incorporando novos membros. Cerna de Árbol participa habitualmente en diferentes feiras organizadas polo Concello de Vilalba, como a Feira de Artesanía ou a Feira do Capón, ademais de estar presente nas festas da súa parroquia e noutras celebracións da contorna. Para as súas actuacións, os integrantes contan con traxes tradicionais propios, aínda que tamén dispoñen de vestimenta máis cómoda para encontros de carácter informal, como os cantos de taberna. Deste xeito, a agrupación combina a música, a tradición e a participación veciñal, mantendo un espazo para que diferentes xeracións poidan achegarse á cultura musical galega.

ÁRDELLE O EIXO

Tamén de orixe vilalbesa é o grupo de música tradicional Árdelle o Eixo, creado na parroquia de Sancovade. A formación é unha presenza habitual nas celebracións tanto dentro como fóra do municipio, contribuíndo coa súa música a manter viva a tradición e a animar diferentes festas e encontros da contorna.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993



JRoca

ROCA & PRADO

INMOBILIARIA

ABOGADOS

Plácido Peña, Villalba Local 500 m² Local de 500 m², con dieciséis metros de fachada. El local está acondicionado y a mayores el solar es edificable. Bajo, 5 plantas y ático.	320.000 €
Cabreiros, Xermade Casa 4 Dorm 1 Baño 200 m² En el lugar de San Martín, parroquia de Cabreiros, municipio de Xermade (Lugo), se vende vivienda rural a reformar, adosada a otra vivienda. Finca de 4600 m² con dos construcciones de índole agrícola y un pozo.	38.000 €
Ronda de la Muralla, Lugo Local 96 m² Próximo al edificio de la Xunta. Local en bruto, superficie útil en planta de 48 m² con altura de de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja y piso con una superficie total en torno a los 100 m². Tiene salida de humos y todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio. Incluye una plaza de garaje ubicada en la calle Alta, a unos 200 metros del local.	160.000 €
Insua, Villalba Casa 3 Dorm 170 m² En la parroquia de Insua, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar, independiente, de unos 170 m² repartidos en dos plantas. La casa tiene bien la fachada y el tejado, el resto tiene que se reformado. Parcela de unos 9500 m².	60.000 €
C/ Foz, Villalba Terreno Urbano 297 m² Solar en el que se puede edificar bajo, 3 plantas y ático.	20.000 €
Sixto Primero, Villalba Casa 3 Dorm 1 Baño 130 m² En la salida de Vilalba (Lugo), vivienda unifamiliar a reformar. Cocina, un baño y varias habitaciones. Terreno de unos 200 m².	50.000 €
C/ Alcalde Fraga Bello, Villalba Terreno Urbano 140 m² 8 metros de fachada. Se puede hacer sótano, bajo y 3 plantas más ático. El solar tiene salida para las calles Alcalde Fraga Bello y Nevado Bouza.	70.000 €
Santaballa, Villalba Terreno Urbano 1034 m² Parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso. La finca se encuentra cerca de la Charca del Alligal y aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Vilalba.	16.000 €
Gatelle, Guitiriz Casa 5 Dorm 1 Baño 230 m² Vivienda rural reformada recientemente, salvo un dependencia de la planta baja. Dispone de cocina, cinco habitaciones, un baño y la zona sin acondicionar. Terreno de unos 1.100 m², un garaje de 39 m² y un almacén de 115 m².	150.000 €
C/ Bispo Rouco Varela, Villalba Piso 4 Dorm 2 Baño 120 m² Cerca de la zona escolar, piso primero, sin ascensor, de cuatro dormitorios, sala, baño, aseo, cocina, terraza y un trastero en el desván. Se vende completamente amueblado. También se vende con el piso el bajo del edificio de 117 m², destinado a garajes, por 100.000 euros más.	100.000 €

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles

Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)

Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)

Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info

www.inmobiliariajroca.es

Unha noite para os DJ locais

O venres 28 na explanada da Madalena será a quenda destes artistas que mesturan todos os estilos musicais

Converténdose xa nunha tradición dentro da programación das festas, a Xira Campestre volverá acoller este ano a sesión de DJ Locais, que chega á súa quinta edición. A cita terá lugar o venres 28 na explanada da Madalena a partir das 21.30 horas, aínda que os artistas comezarán a animar a praza desde as 20:30 horas, poñendo música e ambiente durante a tarde. Nesta nova edición volverase contar coa presenza de David García, Cris Vázquez, Bris Tradd e Decrux, aos que se suma, o dúo musical Shera & Sile, que achegará á xornada a súa proposta centrada no rap e no hip-hop. David García é un DJ versátil que, tras moitas horas de traballo ás costas, procura que cada unha das súas sesións sexa única e especial. Entre as súas principais características destaca a variedade dos seus repertorios, combinando temas coñecidos con outros menos populares e buscando sempre que o público desfrute da experiencia musical.

Tamén repetirá presenza a cospeitense Cris Vázquez, especializada en mesturar diferentes estilos e propostas musicais dinámicas e movidas. A DJ volverá participar un ano máis nesta cita para facer desfrutar á veciñanza vilalbesa coa súa selección musical. Xunto a ela estarán o vilalbés Bris Tradd e Decrux, tamén vinculado á zona. Brais Trinidad, coñecido artisticamente como Bris Tradd, é un DJ e produtor musical galego que participou en diferentes eventos e sesións de música electrónica en Galicia. Pola súa banda, Decrux é un DJ e produtor orixinario de

Vilalba que comezou con tan só 16 anos a producir e mesturar xéneros como o techno e o tech house. Desde entón, participou activamente en diferentes eventos locais e festivais da rexión. Como incorporación a esta edición, Shera & Sile achegarán unha proposta especialmente pensada para os amantes do rap e do hip-hop. O dúo musical conta con varios traballos publicados, entre os que se atopan o EP Sen Destino e temas como Camiñar Recto ou Solpor de Verán. Co seu estilo e a súa enerxía sobre o escenario, serán os encargados de completar unha sesión na que a música electrónica, as diferentes tendencias urbanas e os sons máis actuais se darán cita na explanada da Madalena. Deste xeito, a quinta edición da sesión de DJs Locais consolídase como unha das propostas musicais da Xira Campestre, apostando novamente polo talento da contorna e ofrecendo un espazo para que artistas locais e da comarca poidan compartir a súa música co público durante as festas.



A maiores, o venres 4, Cosme DeeJay encargárase de amenizar a verbena da noite no Campo da Feira a partir das 22. 30 horas. Cosme DeeJay, nome artístico de Cosme Folgueira Crecente, é un coñecido DJ galego con ampla experiencia na animación de sesións e eventos musicais en diferentes locais de Galicia, especialmente na provincia de Lugo. Ao longo da súa traxectoria, participou en sesións en salas como a discoteca Hermo ou A Normanda, ademais de colaborar en programas de radio especializados en música dance e italiana. A súa experiencia e coñecemento destes estilos convertérono nunha presenza habitual en diferentes citas musicais da contorna. O sábado 5, chegando xa ao final da xornada festiva, Marcos Peón e Dj Frisco encargárase de facer bailar á Praza da Constitución co seu espectáculo Yo lataba en EGB, un gran guateque que repasa os grandes éxitos do pop, o rock e a música dance dos anos 80, 90 e 2000. Trátase dunha alianza artística con máis de 20 anos de presenza no panorama da música electrónica, levando o son español ás pistas de baile e aos festivais de todo o mundo. Ao longo da súa traxectoria, construíron unha carreira sólida baseada na constancia, na evolución do seu son e nunha conexión única co público.

GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

PROGRAMACIÓN CULTURAL

O Iescha aporta un programa propio ás festas

Ofrece unha gran aposta pola cultura galega, reivindicando figuras como Castelao e Manuel María

O Instituto de Estudos Chairegos Pena do Encanto xa ten preparada a súa programación cultural con motivo das Festas de Vilalba de 2026, unha proposta que reunirá durante as próximas semanas música, fotografía, cine e memoria arredor de diferentes espazos da vila.

O Iescha, asociación que xa leva máis de 25 anos en activo, dedícase a investigación, a conservación e a defensa da Cultura Galega, especialmente no que se refire á lingua, á historia e ás tradicións da Terra Chá. Partindo dunha concepción ampla da cultura galega, o Iescha busca afondar no coñecemento da comarca e achegar a súa realidade cultural á sociedade.

As actividades deron comezo o venres 21 cun concerto de verán a cargo do grupo Dakidarría, unha das bandas galegas máis recoñecidas dentro do panorama do rock e da música festiva. Foi a encargada de abrir esta programación co seu impresionante directo.

Como novidade do resto da semana, o venres 28, ás 20.00 horas, terá lugar no Salón de Actos do Auditorio Municipal de Vilalba a inauguración da XIII Exposición Fotográfica *Tal como*

eramos. Fotos para o recordo. A mostra, que poderá visitarse ata o 20 de outubro, nace co obxectivo de recuperar e compartir imaxes que forman parte da memoria colectiva, achegando ao público fotografías e lembranzas doutras épocas. A exposición pretende así manter viva a historia máis próxima e favorecer que diferentes xeracións poidan coñecer e lembrar como era a vida na contorna.

A programación continuará o xoves 3 de setembro, tamén ás 20.00 horas, coa proxección da longametraxe *Antes de Nós*, de Ángeles Huerta, dentro do Ciclo Mestre Mateo. *Antes de Nós* presenta a Castelao antes de ser Castelao, a través da súa historia con Virxinia, a súa gran compañeira de vida.

En 1918, Castelao deixa a súa praza de funcionario en Pontevedra para traballar como médico en Rianxo durante a gripe española. Un heroe para o pobo, pero un home ausente para a súa muller, Virxinia. En 1929, o matrimonio percorre Bretaña poucos meses despois da perda do seu único fillo.

A historia proposta por Ángeles Huerta ten un claro carácter



intimista e supón un achegamento á figura desta personaxe atormentada e singular, así como ás complicadas relacións coa súa muller, o sentimento de perda dun fillo e a maneira de superar as difíciles condicións políticas nas que se desenvolven España e Galicia.

A película poderá verse no Auditorio Municipal de Vilalba e, nes-

te caso, será necesario reservar localidade previamente a través de entradasvilalba.es. A inclusión desta proposta cinematográfica completa unha programación na que o audiovisual galego tamén ten un papel destacado.

O último dos actos previstos terá lugar o domingo 6, ás 12.30 horas, co acto de homenaxe e ofrenda con motivo do XXII Ca-

bodano de Manuel María, poeta da Terra Chá. A celebración desenvolverase no Espazo Manuel María e servirá para lembrar a figura e a obra dun dos grandes nomes da literatura galega. A homenaxe permitirá reivindicar unha vez máis a importancia da súa obra e a súa relación coa cultura e coa identidade galegas. Desde o Instituto de Estudos

O programa contempla un concerto, unha exposición, unha proxección e remata coa homenaxe a Manuel María

Chairegos Pena do Encanto destacan que todos os actos incluídos nesta programación son de balde, agás a necesidade de reservar localidade para a proxección cinematográfica cando corresponda.

Con esta iniciativa, o Iescha aposta por ofrecer unha programación cultural variada durante as festividades, combinando propostas destinadas ao lecer coa recuperación da memoria e coa difusión da cultura galega. As actividades desenvolveranse en distintos puntos da vila e estarán abertas á participación da veciñanza e de todas aquelas persoas que desexen achegarse a Vilalba durante estas datas.



BOAS FESTAS!

NOVALUX
óptica & centro auditivo

novaluxoptica.com



Vilalba 982 51 01 00

981 45 15 04 As Pontes

TURISMO

Un balance de visitantes que crece día a día

Vilalba pecha xullo cunha forte presenza de peregrinos e máis de 660 visitantes na Oficina de Turismo

A Oficina de Turismo de Vilalba pechou o mes de xullo cun balance positivo de afluencia, marcado especialmente polo peso do Camiño de Santiago e pola elevada porcentaxe de visitantes que decidiron pasar a noite no municipio. Segundo o informe elaborado pola propia oficina, ao longo do mes foron atendidas 669 persoas integradas en 213 grupos, unhas cifras que confirman o interese crecente por Vilalba como destino turístico dentro da Terra Chá. Un dos datos máis destacados do balance é a procedencia das persoas atendidas. O 80 por cento dos visitantes foi de orixe nacional, mentres que o 20 por

cento restante chegou desde outros países. Entre os visitantes españois, Andalucía situouse como a comunidade autónoma con maior representación, seguida de Madrid. O informe tamén recolle presenza de persoas procedentes doutras comunidades, o que evidencia a capacidade de Vilalba para atraer turismo de diferentes puntos do territorio.

No ámbito internacional, a Oficina de Turismo detectou visitantes procedentes de países como Estados Unidos, Alemaña e Italia, ademais doutras nacionalidades con menor presenza. A diversidade de procedencias confirma que a vila forma parte dos itinerarios de persoas que buscan coñecer tanto o patrimonio local como os recursos turísticos da comarca. O Camiño de Santiago continúa sendo, con todo, o principal elemento de atracción. O 78 por cento das persoas que pasaron pola Oficina de Turismo durante xullo eran peregrinos e peregrinos. O dato pon de manifesto o papel de Vilalba como unha das etapas relevantes do Camiño do Norte e como porta de entrada para coñecer outros atractivos da vila, desde o seu patrimonio ata a gastronomía e a paisaxe da Terra Chá.

A presenza de peregrinos tamén ten unha tradución directa na actividade económica local. O informe sinala que o 80 por cento do total de visitantes decidiu pernoctar en Vilalba, unha circunstancia que favorece especialmen-



te o sector do aloxamento, pero tamén a restauración, o comercio e o resto de servizos vinculados ao turismo.

Durante o mes tamén destacaron diferentes grupos organizados que chegaron ao municipio. Entre eles figurou un grupo de 55 persoas procedente de Sevilla, ademais dunha expedición de 150 participantes procedentes de Andalucía e doutras 42 persoas chegadas de distintos puntos de España. Tamén visitou Vilalba un grupo de 60 mozos e mozas procedentes de Madrid, que se aloxaron no pavillón municipal. A actividade turística do mes non

organizou unha visita narrada por Santaballa, na que se puxo o foco no patrimonio, as tradicións e a cultura da parroquia. Esta actividade permitiu aos participantes achegarse a unha parte do territorio vilalbés desde unha perspectiva ligada á memoria e ao patrimonio local.

O informe destaca ademais a presenza dun peregrino procedente do País Vasco que estaba a realizar o Camiño do Norte e que fixo unha parada na oficina para selar a súa credencial e solicitar información sobre Vilalba. Como recordo da súa visita, levou consigo un pequeno agasallo.

Os responsables da Oficina de Turismo consideran que os datos de xullo amosan a importancia de continuar reforzando a atención ás persoas visitantes e a promoción do municipio como destino turístico. O elevado número de peregrinos, a diversidade das procedencias e, especialmente, a alta porcentaxe de visitantes que permanecen en Vilalba contribúen a consolidar o turismo como un elemento de dinamización económica e cultural da vila.

Xa en agosto, e mentres os datos continúan acumulándose, rexístrouse a visita número 800 desta tempada, nesta ocasión tratouse dun peregrino de orixe belga, que se atopa a percorrer o Camiño do Norte en bicicleta.

A chegada de diferentes países continúa a ser ampla e espérase que agosto, mes no que comezan as festas, o volume de visitantes aumente.



Ao longo de xullo foron atendidas 669 persoas integradas en 213 grupos, unhas cifras que confirman o interese crecente por Vilalba

se limitou ao Camiño. A programación incluíu tamén diferentes propostas culturais, entre elas o Festival Atlántica, que levou actividades a distintos puntos do municipio. En Mourense tivo lugar unha das propostas, coa participación de Ignacio Vilariño, mentres que en Román desenvolveuse outra actividade da man de Francisco R. Louzao. A Oficina de Turismo tamén

PREMIO DE POESÍA

Na procura do mellor poemario ano a ano

Vilalba prepárase para coñecer o novo gañador do Certame Literario no día grande das festas

Vilalba volverá converterse este domingo, 30 de agosto, nun punto de encontro para a literatura galega coa celebración da gala do LII Certame Literario, unha das citas culturais máis consolidadas das festas patronais de San Ramón e Santa María. Como é tradición, o nome da persoa gañadora manterase en segredo ata poucos días antes da entrega, polo que a expectación acompañará unha edición que volverá poñer o foco na creación poética en lingua galega.

O acto desenvolverase no Auditorio Municipal, coincidindo co Día do Pregón, a partir das 19.00 horas. A lectura do pregón correrá nesta ocasión a cargo de Daniel Veiga Roca, director da Banda de Música de Vilalba, e será durante esta celebración cando se faga entrega do galardón ao autor ou autora que resulte vencedor desta edición. O Certame Literario de Vilalba recoñece cada ano o mellor poemario inédito escrito en galego. O premio está dotado con 7.000 euros e inclúe tamén a publicación da obra gañadora, polo que o recoñecemento combina a dotación económica coa oportunidade de que o traballo premiado chegue ás librarías e a novos lectores.

A historia do certame remóntase a 1975, cando Vilalba tomou o relevo do antigo Certame Literario da Terra Chá, impulsado polos concellos da comarca. Desde entón, a convocatoria mantívose de maneira ininterrompida e converteuse nunha referencia para a creación literaria galega. A primeira gañadora foi María Luisa Baamonde Campos, coa obra *Pícaro, picariño*, e ao longo das súas edicións o premio distinguiu

autores e autoras de recoñecido prestixio, entre eles Helena Villar Janeiro, Darío Xohán Cabana, Xavier Alcalá ou Yolanda Castaño. A última edición tivo como protagonista a poeta Patricia Torrado, gañadora do LI Certame Literario coa obra *Nakba*. O poemario constrúe unha denuncia poética da barbarie e unha reivindicación da dignidade do pobo palestino, empregando a lingua galega como elemento de unión entre culturas.

Desde o Concello de Vilalba puxérase daquela en valor o carácter internacional do proxecto, unha obra escrita na vila, ilustrada desde Gaza e traducida ao árabe, inglés e castelán. Para a institución municipal, o feito de que un poemario nacido en Vilalba acade lectores en diferentes países representa unha mostra da capacidade da creación local para transcender as fronteiras da Terra Chá.

A nova edición chega así cunha longa traxectoria ás costas e coa intención de manter unha tradición que leva máis de medio século vinculando Vilalba coa poesía e coa cultura galega. O segredo sobre a identidade do gañador ou gañadora manterase ata os días previos á gala, mantendo unha das particularidades máis características do certame. A xornada do domingo completase pola noite coa verbena no Campo da Feira, que comezará ás 22.30 horas e contará coas actuacións da orquestra Los Satélites e do Grupo Origen. Deste xeito, a entrega do LII Certame Literario quedará integrada nunha das xornadas centrais das festas patronais, combinando literatura, tradición e celebración popular.



MICRORRELATOS

Cando se convoca o Certame Literario, faise o mesmo co Concurso de Microrrelatos, unha iniciativa cultural que busca fomentar a creación literaria entre persoas de diferentes idades. De este xa se deron a coñecer as

obras gañadoras, e, como todos os anos, entregaranse os galardóns a final do mes de setembro. Na categoría infantil, o primeiro premio foi para Leah Ferreiro García polo microrrelato "Quéro-te, avó". O segundo posto recaeu en Carmen López Tenreiro coa obra "O bosque das mil marabi-

llas", mentres que o terceiro premio foi para Antía Pérez Cendán por *As Américas*.

Na categoría xuvenil, Darío Pita Rodríguez acadou o primeiro premio co traballo *O sobrado*. O segundo galardón foi para Duarte Mariño Torrado por *Ola, hai alguén aí?* e o terceiro para Adriana Garrido Santos coa obra *O libro*.

Pola súa banda, na categoría de persoas adultas, o xurado concedeu o primeiro premio a Patricia Torrado Queiruga por *Historia Universal*. O segundo posto foi para Cándido Paniagua Pousa coa obra *Á hora acordada* e o terceiro premio para Alba Sánchez Ares por *Apoñendo*. Os premios inclúen diplomas acreditativos e diferentes agasallos segundo a categoría, como lotes de libros, material escolar, un ordenador portátil ou premios en metálico no caso da modalidade de adultos.

Desde o Concello de Vilalba destacaron a elevada participación e a calidade dos textos presentados, consolidando este certame como unha das citas culturais de referencia para a promoción da escritura creativa no municipio. O xurado estivo integrado pola profesora e escritora Mercedes Queixas, a bibliotecaria Atenea Ruibal e a docente Pilar Cabarcos. A propia concelleira de Cultura exerceu como presidenta do tribunal, mentres que a técnica de Cultura María Sonia García actuou como secretaria.

Tels.: 651 037 211
982 512 542
Polígono Industrial
27800 VILALBA (Lugo)

gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982 516 550

A Lareira

Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

A PARROQUIA

Román será a homenaxeada neste 2026

O último día das festas vilalbesas estará dedicado a esta localidade de gran tradición canteira

Como é habitual, o último día das festas de San Ramón e Santa María escóllese unha parroquia para ser homenaxeada. Este ano, a parroquia protagonista será San Román. Dedicarase todo un día, o domingo 6, a desfrutar dunha mestura de oficio relixioso, música e baile.

O programa comezará ás 11.45 horas cunha recepción na Casa do Concello á parroquia de San Román, da man do grupo tradicional Cerna de Árbol. Seguidamente, terá lugar a misa solemne, cantada pola Coral Polifónica Vilalbesa.

A maiores, haberá unha ofrenda a Manuel María no espazo Manuel María ás 12. 30 horas e xa a partir das 14.00 horas comezará a sesión vermú longa, que estará amenizada pola orquestra Acordes, encargada de animar a veciñanza neste final de festas.

A PARROQUIA

A parroquia de Román ou Santa Eulalia de Román, é unha das localidades que forman parte do Concello de Vilalba. Situada nun espazo delimitado polas parroquias de Goiriz, Rioaveso, Carballido e San Lourenzo de Árbol, Román conserva un importante patrimonio histórico e cultural que permite achegarse á identidade e á historia da Terra Chá.

A súa memoria está estreitamente ligada á tradición dos canteiros e, en particular, á familia dos Car-



boeira ou Carbonera, unha dinastía de artesáns da pedra á que se atribúe a creación de numerosos cruceiros, pontes, altares, nichos e outros elementos de granito repartidos por diferentes puntos da Terra Chá e da Mariña.

A tradición canteira desta parroquia remóntase, cando menos, a finais do século XVIII e comezos do XIX. Domingo Seoane, nacido en 1790, está considerado o primeiro canteiro da parroquia de Román do que existe constancia.

A partir del, varias xeracións da familia continuaron coa actividade e deixaron a súa pegada nun amplo territorio. Foron cinco xeracións de traballadores dedicados a dar forma á pedra,

mantendo unha tradición artesanal que se transmitiu ao longo do tempo.

PRODUCCIÓN CANTEIRA

Entre os membros desta familia destaca especialmente Manuel Seoane, autor de numerosas obras. A súa produción esténdese por diferentes localidades, o que dá unha idea da importancia que acadaron os canteiros de Román.

Entre os traballos que se lle atribúen figuran o cruceiro de Ver, na propia parroquia de Román; o do camposanto de Santa Cecilia de Ferrol; diferentes elementos da praia fluvial de Vilalba e do adro da igrexa de Sancovade.





RESTAURANTE
PARRILLADA

O' Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO

982 52 58 65 - 626 23 71 56



¡PREPÁRATE
PARA
DISFRUTAR
DEL VERANO
EN CASA!



Saneamientos, construcción
y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

Un dos exemplos máis destacados desta tradición na propia localidade é o cruceiro de Lanzán, erguido en 1906 por devoción dun particular. Situado na parroquia de Tardade, no municipio de Vilalba, é considerado unha das pezas máis sobresaíntes dos cruceiros da Terra Chá pola súa profusa decoración. A obra está vinculada á familia dos canteiros de Román e, segundo os testemuños familiares recollidos, foi realizada por Andrés Seoane Fernández e o seu fillo Marcelino, pertencentes á segunda e terceira xeración de canteiros. O cruceiro de Lanzán tería servido, ademais, como modelo para outra peza situada no adro da igrexa de Sancovade, tamén no municipio de Vilalba. Este tipo de obras permiten comprender a evolución e a continuidade da tradición canteira de Román, así como a súa influencia máis alá dos límites da propia parroquia. A pegada desta actividade artesanal tamén está presente no corazón de San Román. No propio adro da igrexa parroquial

pode contemplarse un cruceiro de granito no que aparecen representados Cristo e a Virxe na cruz, integrado nun conxunto patrimonial no que a arquitectura relixiosa e o cemiterio conforman un espazo de especial interese.

A IGREXA

A igrexa actual de Santa Eulalia de Román foi construída entre 1906 e 1916 sobre o lugar que ocupaba anteriormente un templo de orixe románica. Da antiga construción aínda se conserva parte do muro esquerdo da nave, un dos vestixios que permiten lembrar a existencia da igrexa anterior e a longa historia relixiosa da parroquia.

O templo está rodeado por un cemiterio de estilo neoclásico, característico pola presenza de numerosos panteóns realizados en granito. A utilización deste material, tan estreitamente vinculado á tradición dos canteiros locais, contribúe a reforzar a unidade e o carácter do conxunto arquitectónico e funerario.



A historia de San Román non se limita, con todo, á súa tradición relixiosa e á artesanía da pedra. Nas proximidades da igrexa tamén se conservan outros elementos vinculados á memoria colectiva da parroquia, entre eles a capela de San Xoán Bautista, coñecida tamén como capela de Pardo. Os seus fundadores foron os señores de Pardo, nunha mostra máis da presenza de diferentes familias e liñaxes na historia local. Outro dos edificios de interese é a antiga casa escola de Román. Construída en 1927 grazas ás achegas realizadas polos propios veciños, o edificio converteuse durante décadas nun espazo fundamental para a educación de varias xeracións da parroquia. A escola representou un importante punto de encontro para a comunidade e forma parte da memoria das persoas que aprenderon nela. Co paso dos anos, o edificio foi adaptándose ás novas necesidades da parroquia. En 2007 foi rehabilitado para converterse en

local social, función que mantén na actualidade como espazo para actividades culturais e comunitarias. A antiga casa escola constitúe así un exemplo da recuperación do patrimonio local e da transformación dos antigos equipamentos para continuar ao servizo da veciñanza. Todos estes elementos forman parte dunha paisaxe na que patrimonio e memoria aparecen estreitamente ligados. A historia de San Román é, polo tanto, a historia dunha parroquia marcada pola tradición, polo patrimonio e pola capacidade da súa veciñanza para conservar e transmitir o legado das xeracións anteriores. Nun territorio no que a pedra forma parte da paisaxe e da arquitectura, San Román representa un dos capítulos máis singulares da tradición canteira vilalbesa. A súa historia permite entender non só a evolución dunha parroquia, senón tamén a importancia que os artesáns locais tiveron na configuración do patrimonio da Terra Chá.

Os Carboeira é unha dinastía de artesáns da pedra á que se atribúe a creación de numerosos cruceiros, pontes, altares, nichos e outros elementos de granito repartidos pola Terra Chá e A Mariña





CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

AS FESTAS DO ANO PASADO



Lectura do pregón,
celebración do
Día da Parroquia,
aniversario do
Centro Ocupacional e
procesión polas rúas
de Vilalba





¡Para todo lo que tu
automóvil necesita!





Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

DESEÑAMOS PROXECTOS MODULARES PERSONALIZADOS



MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



PLAMOBLE



Scape room,
actuación de Carlos
Baute, Día dos Nenos,
entrega do Certame
Literario e dúas
imaxes da Xira de
maiores



SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES



TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS



TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

 
 
 
TIMKEN *bezares s.a.*

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS



Milwaukee
Nothing but HEAVY DUTY.

RVS SESACAR
RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

INFRAESTRUTURAS

Vilalba muda os seus edificios máis emblemáticos

Avanza na mellora da renovación da Casa do Concello e da Casa da Cultura Manuel María

Vilalba continúa coa renovación e posta ao día de diferentes espazos públicos do municipio a través de actuacións destinadas a mellorar as condicións dos edificios, a eficiencia das instalacións e a calidade dos servizos que se prestan á cidadanía.

Un dos principais proxectos acometidos nos últimos meses foi a rehabilitación da Casa do Concello, unha intervención que contou cun investimento de 1,1 millóns de euros, dos que 943.000 euros foron achegados polo Goberno central a través do Programa de



Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP). Os traballos permitiron modernizar o inmoble, mellorar a súa eficiencia enerxética e accesibilidade e adaptar os espazos ás necesidades actuais da Administración municipal.

A actuación incluíu a renovación da cuberta e da fachada, ademais de diferentes intervencións no interior. Entre elas destaca a transformación da planta superior nun amplo salón para as sesións plenarias, acompañado dunha nova terraza exterior. Tamén se instalaron luminarias LED, aseos adaptados e novas zonas de espera para a cidadanía, ao tempo que se redistribuíron os espazos para optimizar o funcionamento dos servizos municipais.

A estas obras súmase agora a renovación da cuberta da Casa da Cultura, un edificio que durante anos viña sufrindo problemas

recorrentes de filtracións de auga. A actuación permitiu substituír completamente a cuberta e incorporar novos elementos de zinc, así como renovar baixantes, canlóns e lucernarios.

Os traballos na Casa da Cultura tamén incluíron melloras no alumeadado, no saneamento e no illamento térmico, co obxectivo de mellorar as condicións dun equipamento público utilizado durante todo o ano. O proxecto contou coa colaboración da Deputación de Lugo, que financiou o 80% do custo da actuación mediante un convenio co Concello.

As imaxes difundidas polo Goberno local permiten apreciar o importante deterioro que presentaban anteriormente algúns elementos da estrutura da cuberta, con presenza de corrosión e humidades, fronte á renovación realizada.

Deste xeito, as dúas actuacións inci-

den en edificios municipais de uso habitual e responden á necesidade de modernizar unhas infraestruturas que presentaban diferentes necesidades de mellora. Mentres a rehabilitación da Casa do Concello permitiu actuar sobre un edificio administrativo para facelo máis eficiente e accesible, a renovación da Casa da Cultura busca garantir a conservación e o correcto funcionamento dun dos principais espazos públicos destinados á actividade cultural de Vilalba. Estes proxectos forman parte dun proceso máis amplo de actualización das infraestruturas municipais, baseado na procura de financiamento doutras administracións para poder acometer obras que permitan mellorar os equipamentos públicos e ofrecer á veciñanza espazos máis eficientes, accesibles e adaptados ás necesidades actuais.





CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05